

TEMA 4: FILOSOFÍA MODERNA 1: DESCARTES, LOCKE E HUME

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE (PREGUNTAS TEÓRICAS ABAU)



1) DESCARTES: O PROBLEMA DO MÉTODO E A EVIDENCIA DO COGITO



2) O LIBERALISMO POLÍTICO DE LOCKE



3) HUME: CRÍTICA DAS IDEAS DE SUSTANCIA E CAUSALIDADE

ESQUEMA TEMA

(EMPIRISMO E RACIONALISMO)

- [ESQUEMA BÁSICO RACIONALISMO]

- [IDEAS BÁSICAS EMPIRISMO]

DESCARTES

1.- O PROBLEMA DO MÉTODO E A EVIDENCIA DO *COGITO*

1.1.- TEXTOS DESCARTES

LOCKE

2.- O LIBERALISMO POLÍTICO DE LOCKE

2.1.- TEXTOS LOCKE


HUME

3.- CRÍTICA DAS IDEAS DE SUSTANCIA E CAUSALIDADE

3.1.- TEXTOS HUME

[ESQUEMA XERAL DO RACIONALISMO]

O RACIONALISMO DO SÉCULO XVII



CARACTERÍSTICAS FUNDAMENTAIS DO RACIONALISMO

- Racionalista é un seguidor da Razón.
- Elimínase todo problema que a razón non poida entender.
- A fe non ten valor ningún (Isto é moi relativo).
- **A Razón predomina sobre a experiencia.** A Razón é soberana.
- Os racionalistas cultivan fundamentalmente as **Matemáticas**.
- Afirman que o ser humano posúe **ideas innatas** (ideas coas que nacemos).
- Estas ideas innatas teñen valor obxectivo. Coñécense de **forma intuitiva**. A partir destas ideas básicas podemos sacar todas as demais por **dedución**.

PRINCIPAIS REPRESENTANTES DO RACIONALISMO

RENATO DESCARTES (1.596-1.650);
BARUCH SPINOZA (1.632-1.677);
NICOLÁS MALEBRANCHE (1.638-1.715);
GUILLERMO LEIBNIZ (1.646-1.716).

O EMPIRISMO

Cóñécese co nome de **empirismo (do grego "empeiría"=experiencia)** a un movemento filosófico que se desenvolve nas Illas Británicas (fundamentalmente) ao longo dos séculos XVI, XVII e XVIII.

Os seus representantes principais son **F. BACON**, como antecedente (Renacemento; nova idea do método científico) e **HOBBS, LOCKE, BERKELEY** e **HUME**.

É unha posición filosófica que enlaza coa "forma de ser" do pobo británico. Mantén a **primacía do coñecemento sensible, da experiencia sobre o coñecemento racional** ("*Obras son amores y no buenas razones*").



Proxéctase na época actual no NEOPOSITIVISMO, POSITIVISMO LÓXICO ou EMPIRISMO LÓXICO, sobre todo con pensadores británicos e norteamericanos.

IDEAS BÁSICAS EMPIRISMO

1ª) **Negación de calquera tipo de ideas innatas.**- Non hai coñecementos independentes da experiencia. Calquera idea que teñamos, por abstracta que poida parecer está baseada nos sentidos.

O entendemento humano é unha tabula rasa (táboa rasa), un papel en branco ("white paper"), no que non hai nada escrito ata que comece a escribir a experiencia.

2ª) **A única fonte de coñecemento é a experiencia.** Para Descartes había unha idea clara e distinta. Para o empirismo só a claridade e evidencia do dato sensible nos pode dicir se unha cousa é verdadeira ou non, real ou falsa.

Desconfianza na razón ↪ Confianza nos sentidos. 🧠🧠

3ª) **Rexeitamento como ilexítimo de calquera contido que non teña unha base previa na experiencia.** [(O Empirismo terá que "rexeitar" a idea de substancia: DEUS, MUNDO, EU (ALMA)).

4ª) **Negación da posibilidade dun coñecemento de validez universal e necesaria.** (Só podemos facer xuízos provisionais. Non: "Luís é un bo amigo", senón, "Ata agora, Luís é un bo amigo").]



RENÉ DESCARTES



DESCARTES: DATOS BIOGRÁFICOS E CONTEXTO HISTÓRICO

(Para a biografía podes consultar os seguintes enderezos:

http://es.wikipedia.org/wiki/Ren%C3%A9_Descartes

<http://www.aafi.filosofia.net/didactica/apuntes/segundo/Descartes.pdf>)

Para unha visión xeral, aconsello:

Vídeos en Youtube (sobre todo de “La aventura del pensamiento”).

CONTEXTUALIZACIÓN DO AUTOR E DO TEXTO

RENÉ DESCARTES. SITUACIÓN DO AUTOR E DO TEXTO.-

RENÉ DESCARTES É UN AUTOR RACIONALISTA FRANCÉS DO SÉCULO XVII (1.596-1.650), PERTENCENTE Á FILOSOFÍA MODERNA, NACIDO EN LA HAIA, TURENA (FRANCIA) NO SEU DUNHA FAMILIA NOBRE E ACOMODADA. EDUCOUSE NO COLEXIO DOS XESUÍTAS DE LA FLECHE. A SÚA MODERADA FORTUNA PERMITIULLE DEDICAR A SÚA VIDA AO ESTUDO, Á CIENCIA E Á FILOSOFÍA. EN 1618 DECÍDESE POLA CARREIRA MILITAR E PARTICIPA NA GUERRA DOS 30 ANOS. DE 1629 A 1649 PERMANECEU NOS PAÍSES BAIXOS. A PESAR DO SEU RELATIVO ILLAMENTO, MANTIVO UNHA ABUNDANTE CORRESPONDENCIA CON PERSOEIROS DA SÚA ÉPOCA COMO A PRINCESA ISABEL DE BOHEMIA. NO ANO 1.649 É INVITADO POLA RAÍÑA CRISTINA DE SUECIA. TRASLADOUSE A ESTOCOLMO, ONDE IMPARTÍA CLASES Á RAÍÑA. CHEGOU Á CORTE SUECA EN OUTUBRO DO 1.649. CATRO MESES DESPOIS, EN FEBREIRO DO 1.650, MORRE DUNHA PNEUMONÍA, SEGURAMENTE VÍTIMA DO CRU INVERNO NÓRDICO.

[Concretando máis os detalles da súa vida podemos indicar que aos 10 anos ingresa no colexio xesuíta de La Flèche, onde permanecerá ata os 18 anos. Alí recibe unha **formación escolástica e unha frutífera iniciación ás matemáticas**. Desde esta herdanza, Descartes realiza a súa importante obra innovadora desde o **encontro consigo mesmo e a reflexión solitaria**.

Os anos posteriores á súa saída de La Flèche, representan para Descartes o **complemento normal na formación dun fillo de familia acomodada: frecuente a vida social de París, practica a equitación, a esgrima, e, en contra da opinión familiar, despois de ter obtido a licenciatura en Dereito, decide seguir a carreira militar**, incorporándose como voluntario á Escola de Guerra de Maurice de Nassau, en Holanda (1.618). Sen embargo, Descartes dirá no *"Discurso do Método"* que *"logo que a idade me permitiu afastarme da suxeición dos meus preceptores, abandonei enteiraamente o estudio das letras. E decidindo non buscar outra ciencia senón aquela que se puidese atopar en min mesmo, ou ben no gran libro do mundo, empreguei o resto da miña xuventude en viaxar, en ver cortes e exércitos, en frecuentar xentes de humores e condicións diversos, en recoller experiencias diversas, e en probarme nos encontros que a fortuna me propuña, e en reflexionar de tal xeito sobre as cousas que se presentaban, que puidese, en toda ocasión, tirar algún proveito delas"*. Este desexo de coñecer mundo lévaos a **Alemaña**. Alí, alístase no exército do duque Maximiliano de Baviera. **Estando no cuartel**, na noite do 10 de novembro do 1.619, Descartes tivo unha especie de revelación ou intuición dun método rigoroso que serviría para construír solidamente a ciencia e a filosofía.

Ao ano seguinte **regresa a Francia e leva unha vida mundana, viaxeira e, moitas veces, ociosa**. Desde 1.628 ata 1.649 **vive en Holanda**, onde atopa o clima de **liberdade e tranquilidade** necesarios para dedicarse aos seus estudos. Descartes

sempre foi un home que **fluxiu do enfrontamento e do risco**, sobre todo despois da condena de Galileo. Ao longo destes anos, **a súa vida vai ser dunha gran regularidade**. Segundo un dos seus biógrafos: "*levantábase tarde, pois tíñase acostumado a desenvolver as súas reflexións pola mañá, na cama; comía a mediodía e despois de comer dedicábase á xardinería ou á disección, eventualmente practicaba a equitación e logo poñíase a traballar ata avanzada a noite*".

A pesar do seu relativo illamento, **mantivo unha abundante correspondencia con persoeiros da súa época**, destacando a que o tivo vinculado coa **princesa Isabel de Bohemia**. No ano 1.649 é **invitado pola raíña Cristina de Suecia, que desexaba aprender a nova filosofía guiada polo seu propio fundador**. Chegou á corte sueca en outubro do 1,649. Catro meses despois, en

febreiro do 1.650, **morre, seguramente vítima do cru inverno nórdico**, que lle fai coller unha **pneumonía**.]

OBRAS.- DESCARTES É UN DOS PRIMEIROS PENSADORES QUE PUBLICA A SÚA OBRA NA SÚA LINGUA VERNÁCULA, O FRANCÉS. NON OBSTANTE, AS SÚAS PRIMEIRAS OBRAS FORON ESCRITAS EN LATÍN E ASINADAS CO SEU NOME LATINIZADO: CARTESIUS (DE ONDE "CARTESIANO"). AS SÚAS OBRAS MÁIS SIGNIFICATIVAS SON **REGRAS PARA A DIRECCIÓN DO ESPÍRITO** (1628), **DISCURSO DO MÉTODO** (1637), **MEDITACIÓNS METAFÍSICAS** (1640) E **PRINCIPIOS DA FILOSOFÍA** (1644).

[- Cara ao ano 1.633, Descartes tiña preparado un Tratado do Mundo e da Luz, no que defendía a teoría copernicana sobre o movemento da terra. A noticia da condena de Galileo por defender estas ideas fai que a obra non se chegue a publicar. (Toda a súa vida, como vimos, manterá esta actitude cautelosa fronte aos poderes eclesiásticos e civís, o que non lle evitará ser obxecto de acusacións de ateísmo e ser perseguido xudicialmente).]

EN CANTO AO CONTEXTO HISTÓRICO, a filosofía cartesiana se desenvolve ao longo do s. XVII, século de crise política e relixiosa.

Dende o punto de vista histórico cultural o s. XVII caracterízase polo **ABSOLUTISMO, A CONTRARREFORMA, O BARROCO, E O TRUNFO DA NOVA CIENCIA**.

-**Absolutismo**. O poder absoluto é o rei.

-**Contrarreforma**. A Igrexa católica intenta conseguir a unidade cristiá utilizando a **Inquisición**. Entre os s. XVII y XVIII houbo moitas guerras por asuntos relixiosos. A guerra dos trinta anos na que loitou **Descartes**, enfrontou a católicos e protestantes e terminou coa paz de Westfalia (1648).

-**Barroco**. Hai una nova sensibilidade artística que expresa a **fugacidade, o pesimismo, a desorde e o desengano**. Destacan **Moliere, Calderón de la Barca, Cervantes**, en literatura e **Velázquez, Rembrandt, e Caravaggio** en pintura.

-**Nova ciencia**. O xurdimento da filosofía moderna, que se inicia con **Descartes**, está en conexión co triunfo da ciencia moderna. **Copérnico, Galileo e Kepler** asentán os piares do edificio da ciencia experimental. As matemáticas serán o auténtico modelo do saber. **A relixión oficial situouse contra a ciencia**, e como dominaba as universidades, a ciencia e a filosofía se desenvolveron en sociedades científicas e Academias.

O absolutismo foi teorizado por **Hobbes**; o parlamentarismo o foi por **Locke**. **A orixe e os límites do coñecemento eran o tema central da filosofía**.

Neste ambiente **Descartes**, buscando a saída da situación de crise, fai crecer unha nova corrente filosófica: o **racionalismo**. A esta corrente pertencen **Leibniz, Descartes, Spinoza e Malebranche**, e defende:

☞ **QUE A FONTE DO COÑECEMENTO É A RAZÓN.**

☞ **QUE A LEXITIMACIÓN DO COÑECEMENTO RESIDE NA DEMOSTRACIÓN RACIONAL SEGUINDO O MODELO DEDUTIVO-MATEMÁTICO.**

☞ **QUE HAI IDEAS INNATAS, principios evidentes, seguros, a partir dos que se pode construír un saber universal.**

Nesta época existían outras dúas correntes de pensamento contra as que Descartes reacciona:

-**Escepticismo**: mantén a imposibilidade de alcanzar a verdade, non hai ningún saber firme.

-**Filosofía Escolástica**: Descartes a considera chea de opinións diversas que só serven para disputar e falar de todo con aparencia de verdade e poder ser admirado polos máis ignorantes.



1.- O PROBLEMA DO MÉTODO E A EVIDENCIA DO COGITO

Co **racionalismo**, e máis en concreto con **Descartes**, prodúcese un **XIRO FILOSÓFICO**. A cuestión principal a partir de agora será a **teoría do coñecemento**. A filosofía centrarase en como é posible que o ser humano obteña coñecementos seguros. O PROBLEMA CENTRAL DA FILOSOFÍA SERÁ A BUSCA DUN MÉTODO PARA TAL COÑECEMENTO.

O conxunto das diferentes ciencias forman para Descartes o saber humano. Aínda que aplicados a distintos obxectos, OS DISTINTOS SABERES SON MANIFESTACIÓNS DUN SABER ÚNICO. Os distintos saberes son un porque **A RAZÓN É UNHA**. Fronte á dispersión que ofrecen os sentidos, **Descartes defende a forza fundamental, única e común da razón**. Do mesmo xeito e fronte á dispersión dos métodos das ciencias renacentistas, Descartes defende que O MÉTODO DA CIENCIA É ÚNICO.

As **REGRAS DO MÉTODO** proposto por Descartes son as seguintes:

-**EVIDENCIA: non hai que admitir nada que sexa dubidoso**. Hai que admitir soamente aquilo que se presente a nosa intelixencia con tal **claridade** que non caiba a menor dúbida. Mais a evidencia dáse só na intuición, é dicir, no acto puramente racional polo que a mente capta dun xeito inmediato unha idea. Por outra banda, estas ideas evidentes e intuídas teñen que ser claras e distintas. Unha idea é clara cando se manifesta sen dificultade á intelixencia que a intúe. A idea será distinta cando está separada de calquera outra idea e non contén en si outras ideas, é dicir, é simple, elemental. **Temos pois que a EVIDENCIA obtida coa certeza da claridade e distinción constitúe o criterio de verdade.**

-**ANÁLISE** consiste en dividir cada unha das dificultades que se presentan en tantas partes como fose posible. Análise significa división: hai que reducir as ideas compostas en ideas simples.

-**SÍNTESE** A síntese consiste en partir do simple para reconstruír de forma dedutiva, o complexo.

-**ENUMERACIÓN OU COMPROBACIÓN:** trátase de revisar todo o proceso anterior para estar seguros de non omitir nada. **Comprobar que non cometemos ningún erro** nos pasos anteriores.

Aplicando este método á filosofía o que pretende Descartes é descompoñer todo ata os últimos elementos presentes no pensamento para, a partir de aí, ir construíndo todo o edificio do saber. Este método lograría unha verdadeira certeza evitando raciocinios largos e enganosos. Ten que haber **ORDE, SINXELEZA E CLARIDADE**.

O método cartesiano podemos describilo como INTUITIVO- DEDUTIVO. Neste sentido temos que indicar que A PRIMEIRA E A SEGUNDA REGRAS DO MÉTODO PERTENCEN Á ORDE DA INTUICIÓN, mentres que A TERCEIRA E A CUARTA REGRAS PERTENCEN Á ORDE DA DEDUCIÓN.

Non podemos identificar o método cartesiano co método científico (hipotético-dedutivo e experimental), ao sumo aseméllase ao usado en matemáticas.

AS PREMISAS DO MÉTODO proposto por **Descartes** serían así as seguintes:

A RAZÓN É A ÚNICA FONTE VÁLIDA DE COÑECEMENTOS; **O MODELO DE SABER IDEAL ESTÁ REPRESENTADO POLAS MATEMÁTICAS**; e, **O COÑECEMENTO PODE SER CONSTRUÍDO DEDUTIVAMENTE A PARTIR DE CERTAS IDEAS E PRINCIPIOS EVIDENTES QUE SON INNATOS**.

Cabe observar que **Descartes**, nas últimas obras, acaba por recoñecer que este método intuitivo-dedutivo so é aplicable á metafísica, pero que cando pasamos a tentar formular as leis concretas da física a razón xa non é

suficiente e temos que recorrer á experiencia.

Unha vez descritos os pasos do método intuitivo-dedutivo (dimensión positiva do método 🌟), Descartes comezará por **buscar unha EVIDENCIA ABSOLUTA, DA QUE NON SE POIDA DUBIDAR BAIXO NINGUNHA CIRCUNSTANCIA, QUE LLE SERVIRÁ DE BASE, DE FUNDAMENTO, PARA DEDUCIR O RESTO DO SABER.** 🌟

Este cimento ou punto de partida debe ser unha verdade absolutamente certa, da que non sexa posible dubidar en ningún momento. Só así o conxunto do sistema quedará firmemente fundamentado.

A busca do punto de partida absolutamente certo esixe a **TAREFA PREVIA DE ELIMINAR TODO AQUILO DO QUE SEXA POSIBLE DUBIDAR (DIMENSIÓN NEGATIVA DO MÉTODO OU PROCESO DA DÚBIDA METÓDICA).** 🌟

Pero, de que podemos dubidar?

-En primeiro lugar, **DUBIDAMOS DOS SENTIDOS: A razón para dubidar é que estes algunhas veces engáñannos,** condúcennos a erro; polo tanto, non nos podemos fiar deles.

-En segundo lugar, **dubidamos da existencia dos obxectos que nos presentan os sentidos, en definitiva do mundo exterior.** Descartes indica **A IMPOSIBILIDADE DE DISTINGUIR A VIXILIA DO SONO** como razón para tal dúbida. Ás veces os soños amósannos mundos de obxectos con extremada viveza, e ó espertar descubrimos que ditos universos non teñen existencia real. Se non podemos distinguir a vixilia do sono, tampouco podemos estar certos de que o mundo que percibimos sexa real, de que exista. Así que **Descartes dubida da existencia do mundo exterior.**

-En terceiro lugar, a imposibilidade de distinguir a vixilia do soño permite dubidar da existencia das cousas do mundo, pero non parece afectar a certas verdades, como as matemáticas: durmidos ou espertos, os tres ángulos dun triángulo suman 180 graos. De aí que **Descartes engada o terceiro e máis radical motivo de dúbida: tal vez exista algún ESPÍRITO OU XENIO MALIGNO QUE ME INDUCE A RAZOAR SEMPRE DE XEITO EQUIVOCADO.** **Descartes pon en dúbida a propia racionalidade do suxeito e con ela a cómpre entender que se PON EN CUESTIÓN A VERDADE DE CIENCIAS TAN VALIOSAS COMO AS MATEMÁTICAS.** 🌟

A dúbida, pois, parece que eliminou todas as crenzas. Pero **EXISTE ALGO QUE RESISTE TODA DÚBIDA: O FEITO DE QUE ESTOU DUBIDANDO!!** 🌟🌟. Aínda que poida dubidar dos testemuños dos sentidos, da existencia do mundo e incluso da miña propia racionalidade, **O QUE NON PODO POÑER EN DÚBIDA É QUE ESTOU DUBIDANDO!!** 🌟🌟

Non podo dubidar do “acto” do meu pensamento, do feito de que penso, de que mesmo cando estou cuestionándoo todo, estou pensando. **E O FEITO DE QUE PENSE É GARANTÍA DE QUE EXISTO.** Este é o sentido da fórmula: **“PENSO, LOGO EXISTO” (COGITO, ERGO SUM)** 🌟. Velaí a **PRIMEIRA VERDADE, O PRINCIPIO BUSCADO, A PRIMEIRA IDEA CLARA E DISTINTA** 🌟; a existencia do pensamento e do eu máis alá de toda dúbida. Este **EU SERÁ PARA DESCARTES A PRIMEIRA SUBSTANCIA DO SEU SISTEMA FILOSÓFICO.** Pero tamén é o seu criterio de verdade: **Por que a existencia do suxeito pensante é absolutamente indubidable? Porque se percibe con toda claridade e distinción.** De aí deduce Descartes o seu criterio de certeza: **todo canto perciba con igual claridade e distinción será verdadeiro e, por tanto, poderá afirmarse con inquebrantable certeza.** 🌟

Este eu, como dixemos, será para Descartes a primeira substancia do seu sistema filosófico. Convén entender qué significado ten a substancia para Descartes (parcialmente diferente o da concepción aristotélica, que a identificaba coas diversas esencias e cos seres naturais concretos). Segundo Descartes unha **SUBSTANCIA É “AQUILO QUE EXISTE DE TAL MANEIRA QUE NON NECESITA DOUTRA COUSA PARA EXISTIR”.** 🌟 Polo de pronto parece atopar no eu a primeira idea que reúne tales características. Aínda que como veremos máis adiante cabe cuestionarse dita natureza. Antes de explicar esta cuestión sigamos pensando dende a primeira verdade, porque ata aquí temos só o

pensamento e a existencia do “eu” aseguradas. Se a filosofía de Descartes non puidera saír de aí, caería no que se chama “**SOLIPSISMO**” 🌟, a saber: **existo eu e os meus pensamentos, e nada máis** 🌟. Para saír do pensamento e escapar do solipsismo **TEMOS QUE SAÍR Á REALIDADE**. Para buscar esta saída **Descartes só pode partir de estudar os contidos que atopamos no noso pensamento: AS IDEAS QUE PENSA O EU**. 🌟

Para a filosofía anterior a Descartes o pensamento recae directamente sobre as cousas, **PARA DESCARTES RECAE SOBRE AS IDEAS**. As ideas son actos e contidos que teñen unicamente existencia mental. O pensamento pensa ideas e estas parecen ser de tres tipos:

a) **IDEAS ADVENTICIAS**: Son as que parecen provir da nosa experiencia externa (Ex: Ideas de “home”, “cor”, “árbore”...).

b) **IDEAS FACTICIAS**: Son as que proveñen da nosa imaxinación e son construídas pola mente combinando outras ideas (Ex: A idea de “unicornio”: cabalo e ás).

c) **IDEAS INNATAS**: O entendemento posúe por si mesmo estas ideas, tenas por natureza e de xeito innato. Por exemplo, son ideas innatas as ideas de “pensamento” e “existencia”. Non son construídas por min, tampouco proceden da experiencia, senón que as atopo en min mesmo. Estas ideas están na mente mesma sen intervención exterior. **ESTAS IDEAS SON CLARAS E DISTINTAS E NELAS ATOPA DESCARTES UN CRITERIO DE CERTEZA PARA PODER DISTINGUIR O VERDADEIRO DO FALSO. CON ISTO CHEGAMOS Á AFIRMACIÓN FUNDAMENTAL DO RACIONALISMO DE QUE AS IDEAS PRIMITIVAS A PARTIR DAS CALES SE CONSTRÚE O EDIFICIO DOS NÓSOS COÑECEMENTOS SON INNATAS**. 🌟🌟🌟

Nin as ideas adventicias nin as facticias poden servir como punto de partida para a demostración da existencia da realidade extramental: a validez das primeiras é cuestionable porque parecen provir da realidade externa (e esta está en cuestión), as facticias parecen proceder dun acto do pensamento (e a racionalidade tamén está en cuestión).

ENTRE AS IDEAS INNATAS DESCARTES DESCOBRE A IDEA DE INFINITO 🌟, (segundo Descartes esta idea non pode provir da experiencia pois só temos experiencia de cousas concretas e limitadas) **QUE SE APRESURA A IDENTIFICAR COA IDEA DE DEUS (DEUS= INFINITO)** 🌟. Afirma Descartes que a idea de Deus non é adventicia (evidentemente, xa que non posuímos experiencia directa de Deus), e esfórzase en afirmar que tampouco é facticia (ficticia), é dicir, producida por nós.

Como dicíamos antes, **PARA DAR O SALTO Á REALIDADE DESCARTES NECESITA DEMOSTRAR A EXISTENCIA DE DEUS E AS PERFECCIÓNS QUE A TRADICIÓN CRISTIÁ LLE ATRIBÚE**. Descartes propón varias demostracións da existencia de Deus inspiradas por filósofos anteriores, e dun xeito xeral podemos afirmar que asume **O ARGUMENTO ONTOLÓXICO DE S. ANSELMO DE CANTERBURY** que sostén que **O SER INFINITAMENTE PERFECTO NON PODE NON EXISTIR**. 🌟

Unha vez demostrada a existencia de Deus, **XA TEMOS DÚAS EXISTENCIAS: A MIÑA E A DE DEUS (SUBSTANCIA INFINITA)**. Mais tendo a existencia de Deus, xa non hai posibilidade de supoñer que un xenio maligno e burlón se entreteña en enganarme, posto que agora xa sei que Deus existe, que é infinitamente perfecto, e por tanto, que **NON FAI QUE ME ENGANE NIN ME ENGANA SOBRE A EXISTENCIA DO MUNDO. A EXISTENCIA DE DEUS É GARANTE, PARA DESCARTES DA EXISTENCIA DO MUNDO**. 🌟🌟 **PODEMOS ESTAR SEGUROS DE QUE EU EXISTO (PORQUE PENSO), DE QUE DEUS EXISTE (POR DEMOSTRACIÓN) E TAMÉN, DE QUE O MUNDO EXISTE (PORQUE DEUS NON ENGANA). E ESTAS SON AS TRES SUBSTANCIAS DE CUXA EXISTENCIA PODEMOS ESTAR SEGUROS**. 🌟🌟🌟

A demostración da existencia de Deus é unha peza fundamental na metafísica cartesiana. Deus é a realidade que permite superar a miña subxectividade. Agora xa sei que fóra do meu eu hai outra realidade, a substancia perfecta

que non pode permitir que as miñas ideas claras e distintas sexan un engano. Así Descartes da un paso máis e **CONVERTE A DEUS EN GARANTÍA DO COÑECEMENTO**. En Deus existen as grandes verdades establecidas por El; todas as verdades matemáticas e as leis da natureza. A función de Deus como garante da **veracidade** produce certo PROBLEMA DE CIRCULARIDADE: se Deus é a garantía de que o que percibo clara e distintamente sexa verdade, como se entende que a claridade e distinción do percibido sexa o criterio de verdade que o *cogito* establece? !!



Convén entender qué significado ten a substancia para Descartes, como xa dixemos. Segundo Descartes **unha substancia é “aquilo que existe de tal maneira que non necesita doutra cousa para existir”**. As Substancias existentes para Descartes son:

-A SUBSTANCIA PENSAnte (*RES COGITANS*) ☉☉☉: correspóndese co **EU**, ou o que é o mesmo (en Descartes), **coa ALMA, co SUXEITO, co ESPÍRITO**.

-A SUBSTANCIA INFINITA (*RES INFINITA*) ☉☉☉: como xa dixemos correspóndese con **DEUS**.

-A SUBSTANCIA EXTENSA (*RES EXTENSA*) ☉☉☉: é a substancia corpórea, é dicir, a **MATERIA**.

Se nos centramos na definición de substancia, temos que indicar que **só a substancia infinita cumpre perfectamente coa definición!!** ☉☉☉; a substancia pensante e a substancia extensa non necesitan de nada para existir, salvo da substancia infinita. **Aínda que Descartes non se atreve a dar o paso da afirmación de Deus como a única substancia, Spinoza si o fará.**

A cada substancia correspóndelle un atributo principal, que é inseparable da substancia: á *res cogitans* correspóndelle o atributo do PENSAMENTO; á substancia infinita o da PERFECCIÓN; á *res extensa* a EXTENSIÓN.

Os **modos** constitúen as distintas formas de darse os **atributos**. Na *res cogitans* destacamos a imaxinación, a memoria, a sensación, a dúbida, o desexo, etc.. A *res extensa* ten como modos a figura e o movemento (a substancia extensa é descrita nos termos da nova física).

O MUNDO FÍSICO É DESCRITO EN TERMOS DETERMINISTAS, COMA UNHA GRANDE MÁQUINA, PERO O PENSAMENTO É LIBRE; NON ESTÁ DETERMINADO. DESCARTES RESALTA A INDEPENDENCIA ENTRE A SUBSTANCIA PENSAnte E A SUBSTANCIA EXTENSA. A INDEPENDENCIA DA ALMA RESPECTO DO CORPO TRATA DE SALVALA DESCARTES PARA DEFENDER A LIBERDADE DO SER HUMANO. A CONCEPCIÓN MECANICISTA DO MUNDO, DA MATERIA, NON DEIXA ESPAZO PARA A LIBERDADE, E TODOS OS VALORES ESPIRITUAIS DO SER HUMANO QUE DESCARTES TRATA DE DEFENDER NON SE PODEN DEFENDER SE NON É LIBERANDO A ALMA DO MUNDO (DA CONCEPCIÓN MECANICISTA DO MUNDO). AFIRMASE ASÍ, QUE A ALMA CONSTITÚE UNHA ESFERA AUTÓNOMA E INDEPENDENTE DA MATERIA. ☉☉☉☉☉☉☉☉☉☉

A independencia das substancias, idea central na filosofía cartesiana, **provócallo a Descartes o PROBLEMA DA COMUNICACIÓN DAS SUBSTANCIAS** (que ven a ser a versión moderna do problema das relacións entre alma e corpo, mente e cerebro, etc.). Como é posible que a mente inflúa sobre a materia; que se relacione co corpo. A coordinación destas dúas realidades, segundo Descartes, lévase a cabo **NUN LUGAR DO CEREBRO** onde a alma fai sentir a súa eficacia cara todas as partes do corpo (**glándula pineal**).



[Relación deste autor coa historia da filosofía

Descartes é considerado o **PAI DA FILOSOFÍA MODERNA** e tamén do idealismo, aínda que isto é máis discutible, porque o “cogito” representa a posición dun idealismo que non renuncia ao realismo (necesidade de garantir a substancia extensa) e que non queda satisfeito co inmanentismo da conciencia (Deus como garante da coincidencia entre as evidencias e a existencia delas mesmas). Xusto este aspecto parece traizoar o espírito da propia filosofía de Descartes e fai que se fale da CIRCULARIDADE da súa formulación: o método esixe a evidencia como único criterio admisible de verdade, pero ao final a evidencia necesita o aval externo da substancia divina. Asemade non podemos demostrar a existencia de Deus se non confiamos nas nosas percepcións claras e distintas (pois tal é o xeito de acadar a primeira verdade do “cogito”).

O que non se pode discutir é que a lo menos **DESCARTES DÁ PÉ A UNA CORRENTE IDEALISTA QUE CULMINARÁ NA FILOSOFÍA DE HEGEL**. Este terá na razón una confianza plena, ao tempo que lle dará o carácter de plena realidade (**“todo o real é racional”**).

Aínda que A SÚA CONCEPCIÓN DA IDEA DIFIRE DA DE PLATÓN (en Platón a idea é realidade extramental o mesmo que en **Hegel**, en **Kant** é elemento regulativo da experiencia e en **Descartes** unha representación mental da realidade á que se pode acceder de xeito innato), si que COINCIDE CON EL NA CUESTIÓN DO INNATISMO DO COÑECEMENTO e tamén INSPIRA POSTURAS CONTEMPORÁNEAS COMO A DE CHOMSKY SOBRE A ORIGINE DA LINGUAXE.

A súa noción de substancia –o que existe por si mesmo e non necesita de ningún outro para existir- será desenvolvida con tódalas consecuencias por un autor de grande importancia para o pensamento racionalista: **Spinoza**, que rematará cos problemas derivados do recoñecemento da extensión e o pensamento como substancias ao soste un monismo. **PRECISAMENTE O DUALISMO SUBSTANCIAL CARTESIANO INSPIRA A DISCUSIÓN DAS RELACIÓNS MENTE-CORPO NOS TERMOS NOS QUE SE DISCUTE ATA A ACTUALIDADE**. A dificultade para explicar como se unen alma e corpo é resolta por **Descartes** coa glándula pineal, na base do cerebro, aínda que realmente **non explica nada**. NA ACTUALIDADE O DUALISMO SUBSTANCIAL É DEFENDIDO POR JOHN ECCLES, aínda que cos descubrimentos en TEORÍA DA EVOLUCIÓN E NEUROLÓXICOS A TESE DUALISTA RADICAL DA INDEPENDENCIA DA MENTE DO CEREBRO É DIFÍCIL DE DEFENDER🧠. Porén hai un dualismo das propiedades ou **EMERXENTISMO** que considera que os procesos mentais son algo distinto dos procesos físicos e non redutibles a estes. **A percepción, o desexo, o sentir dor son producidos polo cerebro, pero algo distinto deste!!?** 🧠🧠 (entre os diversos emerxentismos podemos citar as filosofías de Searle, **Popper**, **Mario Bunge**, **Laín Entralgo**, etc.).

O MECANICISMO CARTESIANO FORTALECERÁ UNHA VISIÓN DO MUNDO DESENVOLVIDA POLO MATERIALISMO DO SÉCULO XVIII SERÁ, ISO SI, PARCIALMENTE CORRIXIDO DENTRO DO RACIONALISMO POR LEIBNIZ.]



ESQUEMA PREGUNTA DESCARTES: O PROBLEMA DO MÉTODO E A EVIDENCIA DO COGITO

DESCARTES → AUTOR RACIONALISTA FRANCÉS. FILOSOFÍA MODERNA. SÉCULO XVII.

DESCARTES ⇒ XIRO FILOSÓFICO ⇒ A FILOSOFÍA PREOCÚPASE POLA **TEORÍA DO COÑECEMENTO**

HAI QUE BUSCAR UN **MÉTODO** ⇒ COMO A RAZÓN É ÚNICA ⇒ MÉTODO ÚNICO

DIMENSIÓN POSITIVA DO MÉTODO ↗

REGRAS DO MÉTODO (MÉTODO INTUITIVO-DEDUCTIVO):

- **EVIDENCIA**: NON ADMITO NADA DUBIDOSO. CLARIDADE E DISTINCIÓN. CRITERIO DE VERDADE. → CONECTADA COA INTUICIÓN

- **ANÁLISE**: DIVIDIR O COMPLEXO ATA CHEGAR AO SIMPLE. CONECTADA COA INTUICIÓN

- **SÍNTESE**: RECONSTRUIR DEDUCTIVAMENTE O COMPLEXO A PARTIR DO SIMPLE → CONECTADA COA DEDUCIÓN.

- **ENUMERACIÓN**: REVISAR TODO O PROCESO. VER QUE NON HAI ERROS → CONECTADA COA DEDUCIÓN.

↗

CON ESTE MÉTODO ⇒ DESCARTES PENSA **CONSTRUIR TODA A SÚA FILOSOFÍA**

PREMISAS DO MÉTODO:

A RAZÓN É A ÚNICA FONTE VÁLIDA DE COÑECEMENTOS

SABER IDEAL = MATEMÁTICAS.

TEMOS IDEAS E PRINCIPIOS INNATOS.

DESCARTES BUSCA UNHA **PRIMEIRA VERDADE** QUE SEXA ABSOLUTAMENTE EVIDENTE. SERÁ TAMÉN A **BASE E FUNDAMENTO** DAS SÚAS TEORÍAS.

PARA ATOPALA: **ELIMINAR TODO DO QUE POIDA DUBIDAR** ↗

DIMENSIÓN NEGATIVA DO MÉTODO = **DÚBIDA METÓDICA.**🌟*

DOS SENTIDOS

PODO **DUBIDAR**:

DA EXISTENCIA **DO MUNDO EXTERIOR**. REALIDADE: CANDO **SOÑO** OU CANDO ESTOU **ESPERTO?**

DAS MATEMÁTICAS ⇒ **XENIO MALIGNO**

OH, ESTOU PERDIDO. DUBIDO DE TODO 😞 ⇒ **ESCEPTICISMO “TÁCTICO”** ↗

AGARDA, NON PODO DUBIDAR DE QUE ESTOU DUBIDANDO. XA O TEÑO!!! 😊👉:

SE DUBIDO É PORQUE PENSO E “SE PENSO, ENTÓN EXISTO”(COGITO, ERGO SUM) COMO SER PENSANTE.

É ALGO CLARO E DISTINTO ⇒ 1ª REGRA DO MÉTODO

ACABO DE ATOPAR O EU = **PRIMEIRA SUBSTANCIA** = **“AQUILO QUE EXISTE DE TAL MANEIRA QUE NON NECESITA DOUTRA COUSA PARA EXISTIR”.**

PERO TEÑO UN PROBLEMA: SÓ SEI QUE EXISTE O PENSAMENTO E O EU. SE NON SAIO DESTE BURATO CAEREI NO "SOLIPSISMO" = SÓ EXISTO EU E OS MEUS PENSAMENTOS.

TEÑO QUE ATOPAR UNHA **SAÍDA**. 🌀

QUÉ TEÑO PARA SAÍR? ➡ AS IDEAS QUE PENSA O EU.

ANALIZO IDEAS. TRES TIPOS:

-**ADVENTICIAS**: PARECE QUE VEÑEN DO EXTERIOR: árbore

- **FACTICIAS**: VEÑEN DA IMAXINACIÓN. CONSTRUÍDAS POLA MENTE: unicornio

- **INNATAS!!** – TÉMOLAS POR NACEMENTO, POR NATUREZA. A PARTIR DELAS FAREI A MIÑA FILOSOFÍA.

NON ME VALEN IDEAS ADVENTICIAS NIN FACTICIAS. TRABALLO, POIS, COAS INNATAS.

BUSCO IDEAS: **OH, CASUALIDADE ➡ ATOPO A IDEA DE INFINITO = DEUS.** ("NINGÚEN DÁ O QUE NON TEN" ➡ EU, SER FINITO NON PODO SACAR DE MIN A IDEA DE INFINITO, NIN VEN DO MUNDO EXTERIOR (NON É IDEA FACTICIA, NIN ADVENTICIA) ➡ POLO TANTO, TIVO QUE POÑELA EN MIN AO NACER (INNATA) **UN SER INFINITO = DEUS** 🌀* **DEUS EXISTE** †

E ADEMAIS 🌀* **DEUS É INFINITAMENTE VERAZ** = DI SEMPRE A VERDADE. **NON ME PODE TER ENGANADO PENSANDO QUE EXISTE O MUNDO ➡ POLO TANTO O MUNDO EXTERIOR EXISTE** 🌀*

(PROBLEMA, AMIGO DESCARTES: **CIRCULARIDADE. "CÍRCULO VICIOSO"**. NON ERA O COGITO, O EU O QUE DICÍA O QUE ERA CLARO E DISTINTO E AGORA ALGO É CLARO E DISTINTO PORQUE O "DI" DEUS. En que quedamos?)

ENTÓN QUÉ COUSAS TEÑO, **QUÉ HAI NO MUNDO**:

TRES SUBSTANCIAS: "AQUILO QUE EXISTE DE TAL MANEIRA QUE NON NECESITA DOUTRA COUSA PARA EXISTIR". 🌀 **RIGOROSAMENTE ESTA DEFINICIÓN SÓ VALERÍA PARA DEUS = SUBSTANCIA INFINITA**

-**SUBSTANCIA PENSANTE**: RES COGITANS = EU = ALMA. ATRIBUTO ➡ PENSAMENTO

-**SUBSTANCIA INFINITA**: RES INFINITA = DEUS. ATRIBUTO ➡ PERFECCIÓN

- **SUBSTANCIA EXTENSA**: RES EXTENSA = MUNDO = MATERIA. ATRIBUTO ➡ EXTENSIÓN

POR ÚLTIMO, **COMO É O MUNDO EXTERIOR** 🌀

COMO UNHA **GRANDE MÁQUINA**. CONCEPCIÓN DETERMINISTA.

E EU SON TOTALMENTE UNHA MÁQUINA? 🌀 🌀

O TEU CORPO SI, A TÚA MENTE, O COGITO, O EU, NON!!!!

A TÚA ALMA ESTÁ NUNHA ESFERA AUTÓNOMA E INDEPENDENTE DA MATERIA 🌀

PROBLEMA COMUNICACIÓN ENTRE SUBSTANCIAS = PROBLEMA RELACIÓNS ALMA-CORPO; MENTE-CEREBRO.
CÓMO A MENTE ACTÚA SOBRE A MATERIA? ➡ **NO CEREBRO, NA GLÁNDULA PINEAL ESTÁ A ALMA QUE COORDINA TODO O CORPO.** 🌀*

E XA ESTÁ.

1.1.- TEXTOS DESCARTES

TEXTO 1

Regras para a dirección do espírito, Regra IV

1. Emporiso é ben mellor nin pensar en investigar a verdade sobre cousa ningunha que facelo sen método: pois é moi certo que os estudos desordenados e as meditacións escuras desta caste confunden a luz natural e cegan os enxeños; e aqueles que así se afagan a camiñar nas tebras a tal punto enfeblece a agudeza dos seus ollos que, ao pouco, non poden aturar a luz do día; o cal ademais é confirmado pola experiencia, pois moi frecuentemente [cantas veces] vemos que aqueles que nunca se dedicaron ás letras, pronuncian xuízos sobre as cousas comúns e correntes con moita máis solidez e claridade que aqueles que botan a vida nas escolas. Por método entendo as regras certas e fáciles tales que, se alguén as observa rigorosamente, nunca tomará nada falso por verdadeiro e, sen gastar as forzas do seu espírito inutilmente, senón sempre aumentando o seu saber progresivamente, chegará ao verdadeiro coñecemento de todo aquilo do que sexa capaz.

RENÉ DESCARTES; Regras para a dirección do espírito, Regra IV: É necesario un método para ir en busca da verdade. Trad. de M^a Teresa Miñambres, IES Eduardo Pondal, Santiago de Compostela.

TEXTO 2

Discurso do Método, Parte II

Foi isto causa de que eu pensara que se precisaba buscar outro método que, comprendendo as vantaxes destes tres, estivese exento dos seus defectos. E, como a abundancia de leis fornece decote excusas para os vicios, de xeito que un Estado está tanto mellor regulamentado canto, non tendo senón moi poucas leis, estas son moi estreitamente observadas; así, en lugar dese gran número de preceptos dos que está composta a lóxica, crin que, sempre que tomase unha firme e constante resolución de non deixar de observalos nin unha soa vez, abondaría cos catro seguintes.

Consistía o primeiro en non aceptar xamais ningunha cousa como verdadeira que non coñecese evidentemente ser tal; é dicir, evitar coidadosamente a precipitación e a prevención; e non aceptar nada nos meus xuízos senón aquilo que se presentase tan claramente e tan distintamente ó meu espírito que non tivese ocasión ningunha de poñelo en dúbida.

O segundo, dividir cada unha das dificultades que examinase en tantas partes como fose posible e requirible para mellor resolvelas.

O terceiro, conducir por orde os meus pensamentos, comezando polos obxectos máis simples e máis doados de coñecer, para subir pouco a pouco, como por graos, ata o coñecemento dos máis compostos; e supoñendo mesmo unha orde entre aqueles que non se preceden naturalmente os uns os outros.

E o derradeiro, facer en todo enumeracións tan completas, e revisións tan xerais, que estivese seguro de non omitir nada.

Esas longas cadeas de razóns, todas simples e fáciles, das que os xeómetras teñen costume de se serviren para chegar ás súas máis difíciles demostracións, déronme ocasión de imaxinar que tódalas cousas que

poden caer baixo o coñecemento dos homes sucédense as unhas ás outras da mesma maneira, e que, soamente con absterse de aceptar como verdadeira ningunha que non o sexa, e gardar sempre a orde precisa para deduci-las unhas das outras, non pode haber entre elas ningunha tan afastada á que finalmente non se chegue, nin tan agachada que non se descubra. E non me foi difícil buscar por cales era necesario comezar, pois sabía xa que era polas máis simples e as máis doadas de coñecer; e, considerando que entre cantos teñen con anterioridade procurado a verdade nas ciencias, só os matemáticos puideron atopar algunhas demostracións, é dicir, algunhas razóns certas e evidentes, non dubidaba que debería comezar polas mesmas que eles tiñan examinado (...).

R. DESCARTES, Discurso do método, Ed. Xerais de Galicia, Vigo, 2001, pp. 44-45. Trad. Miguel Vázquez Freire.

.....

TEXTO 3

Meditacións Metafísicas, Meditación Segunda

Xa que logo, supoño que todas as cousas que vexo son falsas: convénzome de que nada foi de todo como a miña memoria chea de mentiras me representa; penso que non teño sentidos; creo que o corpo, a figura, a extensión, o movemento e o lugar só son ficcións do meu espírito. Que poderá, logo, ser considerado verdadeiro? Se cadra, só unha cousa, que non hai nada certo no mundo.

Mais, que sei respecto de se hai algunha outra cousa diferente destas que veño de xulgar incertas, algunha acerca da cal non poida ter a menor dúbida? Non hai ningún Deus, ou calquera outra potencia que me poña no espírito eses pensamentos? Isto non é necesario, pois quizais poida eu ser quen de producilos por min mesmo. Logo eu, cando menos, non son algunha cousa? Pero neguei xa que tivese sentidos nin ningún corpo. Dubido con todo, pois que se segue diso? Serei tan dependente do corpo e dos sentidos que non poida ser sen eles? Pero convencinme de que non había absolutamente nada no mundo, que non había ningún ceo, ningunha terra, ningún espírito, ningún corpo; non me convencín logo de que tampouco eu non era nada? Non, certamente, eu sen dúbida era algo se me convencera ou simplemente se pensara algunha cousa. Pero hai un non sei qué enganoso, moi poderoso e moi trampulleiro, que emprega toda a súa industria en enganarme sempre. Non hai logo dúbida de que eu son, se el me engana; e engáneme tanto como queira que non poderá endexamais facer que eu non sexa nada, senón que tanto máis pensarei ser algunha cousa. De xeito, que despois de telo ben pensado, e de ter coidadosamente examinado todas as cousas, cómpre concluír, en fin, que esta proposición: “Eu son, eu existo”, é necesariamente verdadeira, cantas veces eu a pronuncie ou a conciba no meu espírito.

RENÉ DESCARTES; Meditacións Metafísicas (1641), «Meditación 2ª: Da natureza do espírito humano, e de que é máis doado de coñecer que o corpo» Trad. de Miguel Vázquez Freire, IES Eduardo Pondal, Santiago de Compostela.

.....

TEXTO 4

Discurso do Método, Parte IV

De seguido, reflexionando sobre o feito de eu dubidar e que, en consecuencia, o meu ser non era completamente perfecto, pois vía claramente que era unha maior perfección coñecer que dubidar, ocorrúeseme pensar de onde aprendera eu a pensar nalgunha cousa máis perfecta do que eu era; e coñecín evidentemente que debía ser dalgunha natureza que fose en efecto máis perfecta. Polo que fai aos pensamentos que tiña de moitas outras cousas fóra de min, como o ceo, a terra, a luz, a calor e mil outras, non estaba preocupado por saber de onde veñen, a causa de que, non observando nada neles que semellase facelos superiores a min, podía eu crer que, se eles eran verdadeiros, o eran por unhas dependencias da miña natureza, en tanto que ela tiña algunha perfección; e se non o eran, tíñaos da nada, é dicir, eles estaban en min por algo que eu tiña de imperfecto. Pero non podía ocorrer o mesmo coa idea dun ser máis perfecto có meu; pois era cousa manifestamente imposible tela da nada; e como non hai menos repugnancia en que o máis perfecto sexa unha consecuencia e unha dependencia do menos perfecto, do que a hai de que da nada proceda algo, non a podía ter tampouco de min mesmo. De xeito que só quedaba que ela fose posta en min por unha natureza que fose verdadeiramente máis perfecta do que eu era, e mesmo que tivese en si todas as perfeccións das que eu puidese ter algunha idea, é dicir, para explicalo nunha palabra, que fose Deus. Ao que engadín que, xa que coñecía algunhas perfeccións que eu non tiña, non era o único ser que existía (usarei aquí libremente, se se me permite, as palabras da Escola), senón que necesariamente era preciso que houboese algún outro máis perfecto, do cal eu dependese, e do que adquirise todo canto eu tiña. Pois se eu fose só e independente de calquera outro, de xeito que tivese por min mesmo o pouco que participaba do ser perfecto; pola mesma razón podería ter por min mesmo todo o restante que sabía que me faltaba, e ser así eu mesmo infinito, eterno, inmutable, onisciente, omnipotente e, en fin, ter todas as perfeccións que podía observar que están en Deus.

RENÉ DESCARTES; Discurso do Método, Parte IV. Trad. de Miguel Vázquez Freire, IES Eduardo Pondal, Santiago de Compostela



JOHN LOCKE



Biografía e contexto histórico-intelectual.

Para unha visión xeral, aconsello:

Vídeos en Youtube (sobre todo de “La aventura del pensamiento”).

CONTEXTUALIZACIÓN DO AUTOR E DO TEXTO

JOHN LOCKE.-

JOHN LOCKE, **AUTOR EMPIRISTA INGLÉS**, PERTENCENTE Á FILOSOFÍA MODERNA, NACIDO EN WRINGTON, PRETO DE BRISTOL, INGLATERRA, NO **SÉCULO XVII** [(1.632-1.704)].

FILLO DUN FUNCIONARIO DE XUSTIZA. INGRESARÁ NO CHRIST CHURCH, O MÁIS IMPORTANTE "COLLEGE" DA UNIVERSIDADE DE OXFORD, CON 20 ANOS. ALÍ, ADEMAIS DE ESTUDAR FILOSOFÍA, (FUNDAMENTALMENTE LÓXICA E METAFÍSICA), PROFUNDA- RÁ OS SEUS ESTUDOS DAS LINGUAS CLÁSICAS, PERO TAMÉN SE INTERESARÁ POLA FÍSICA E A QUÍMICA, ASÍ COMO POLA MEDICINA

FINALIZADOS OS SEUS ESTUDOS PERMANECERÁ EN OXFORD, IMPARTINDO CLASES COMO LECTOR DE GREGO E TAMÉN DE RETÓRICA LOGO ENTRARÁ AO SERVIZO DE LORD ASHLEY (FUTURO CONDE DE SHAFTESBURY), A CAÍDA POLÍTICA DE SHAFTESBURY E, EN PARTE, A SÚA DELICADA SAÚDE, LEVÁRONO PRIMEIRO A OXFORD, ONDE TERMINOU OS SEUS ESTUDOS DE MEDICINA E OBTIVO A TITULACIÓN E LICENZA PARA O SEU EXERCICIO, E POSTERIORMENTE A FRANCIA, ONDE VIVIU DE 1675 A 1680

AO SEU REGRESO A INGLATERRA **VOLVERÁ A ENTRAR AO SERVIZO DE LORD SHAFTESBURY, PERO A XA DEFINITIVA DERROTA POLÍTICA DESTE OBRIGARAO DE NOVO A ABANDONAR INGLATERRA, REFUXIÁNDOSE EN HOLANDA, ONDE ENTRA EN CONTACTO COS REVOLUCIONARIOS INGLESES ALÍ EXILIADOS. TRALA REVOLUCIÓN DE 1686, QUE LEVOU AO TRONO A GUILLERMO DE ORANGE VOLVERÁ A INGLATERRA, DESEMPEÑANDO VARIOS CARGOS EN LONDRES. EN 1691 RETIRARASE A OATES, EN ESSEX. ALÍ INSTALARASE NA MANSIÓN DE SIR FRANCIS E LADY MASHAM, [(UNHA DAS PRIMEIRAS MULLERES INGLESA QUE PUBLICARON ESCRITOS FILOSÓFICOS E QUE MANTIVO CORRESPONDENCIA FILOSÓFICA CON LOCKE E CON LEIBNIZ E ESCRIBIU A PRIMEIRA BIOGRAFÍA DE LOCKE), E Á QUE COÑECERA LOCKE DE SOLTEIRA COMO DAMARIS CUDWORTH EN 1682, POUCO ANTES DO SEU EXILIO, E] COA QUE MANTIVO UNHA RELACIÓN AFECTIVA E INTELECTUAL ATA A SÚA MORTE, O 28 DE OUTUBRO DE 1704.**

O EMPIRISMO, QUE SE DESENVOLVERÁ EN GRAN BRETAÑA AO LONGO DOS SÉCULOS XVII E XVIII, FARÁ DA EXPERIENCIA A FONTE E O LÍMITE DE TODOS OS NOSOS COÑECEMENTOS, CORRESPONDÉNDOLE A JOHN LOCKE UN DOS LUGARES PRIVILEXIADOS ENTRE OS DEFENSORES DE DITA CORRENTE DE PENSAMENTO. NON MENOS IMPORTANTE SERÁ A SÚA FILOSOFÍA POLÍTICA QUE, EN DEFENSA DOS IDEAIS POLÍTICOS DA BURGUESÍA, APOSTA POLA DIVISIÓN DE PODERES E CONSIDÉRASE QUE SENTA AS BASES TEÓRICAS DO LIBERALISMO MODERNO.

OBRAS BÁSICAS: ENSAIO SOBRE O ENTEDEMENTO HUMANO

DOUS TRATADOS SOBRE O GOBERNO CIVIL.

Locke propoñe fundamentar a **orixe, alcance e límites do noso coñecemento** (propósito que tamén tiña Descartes e que logo terá Kant).

Só despois de rexeitar as ideas innatas podemos chegar á verdadeira análise das ideas.

Descartes, e os que defenden as IDEAS INNATAS, afirman que todos os seres humanos sen excepción posúen tales ideas. Locke nega esta proba do consenso: os nenos e os deficientes mentais non coñecen o principio de identidade ou contradición, nin os principios morais. Afirma que non hai principios morais universais; nin sequera a idea de Deus é universal. Hai pobos que se comportan moralmente de maneira contraria a outros, e pobos que non teñen noción de Deus.

A mente humana, segundo Locke, non pode crear nin destruír nin a máis pequena partícula de materia.

As ideas só poden ser innatas ou adquiridas, non hai termo medio. Se non son innatas: de onde proveñen as nosas ideas?. Atopámonos aquí co PRINCIPIO EMPIRISTA: **SÓ PODEN PROVIR DA EXPERIENCIA.**

O entendemento humano ten unha orixe puramente empírica. Ao nacer, o entendemento humano é comparable a "unha habitación baleira, un papel en branco ou un cuarto escuro" ("empty room", "white paper", "dark room". É unha "tabula rasa" onde a experiencia escribe os seus caracteres.

EN CANTO AO CONTEXTO HISTÓRICO

O reinado de Enrique VIII supón a consolidación da reforma de Lutero e a extensión do protestantismo en Inglaterra. O monarca aproveitará os conflitos co Papa, para romper coa igrexa de Roma e facerse cargo el dunha igrexa con carácter nacional: **a igrexa anglicana.**

O vello soño medieval do imperio da cristiandade caerá definitivamente no esquecemento. O ascenso do protestantismo e da reforma luterana acaban coa idea dun goberno universal encabezado polo papa de Roma. É o **fin da orde feudal.**

Coa última raíña da **dinastía Tudor, Isabel I, iníciase un floreciente período económico.** O punto de partida deste crecemento está nun acontecemento que debilitará para sempre á primeira potencia mundial española: **a derrota da Armada invencible.** Este fracaso monumental de Felipe II dará ao traste co dominio español e consolidará a Inglaterra como primeira potencia marítima.

Agora ben, a doutrina económica imperante nese expansionismo era o mercantilismo, que supuña un intervencionismo asfixiante do Estado nos procesos económicos. **Este corsé estatal pesará sobre a necesidade de liberalizar a economía, que sempre estará presente na burguesía inglesa, e que se pode considerar como un dos elementos a superar para o desenvolvemento do capitalismo.**

No 1603 ascende ao trono Xacobo I, o primeiro rei da dinastía Estuardo. A cesión dos monopolios aos seus nobres favoritos enfrontou directamente á burguesía e a nobreza. A situación agravouse aínda máis cando, no 1629, **Carlos I disolveu o parlamento e instalou un réxime absolutista favorable á política do papa de Roma.** Isto acabou por **sublevar aos seguidores protestantes e á propia burguesía.** Comeza así a guerra civil inglesa. Foi durante este reinado, cando naceu John Locke, en concreto no ano 1632.

Carlos I foi executado e Cromwell acadou o poder da man da burguesía comercial e as capas burguesas. Fundou así a república ou **Commonwelth.** Ao morrer Cromwell, reinaba un clima de **tensa confrontación.** **A solución foi a restauración da monarquía dos Estuardo. Carlos II foi chamado polo Parlamento para ocupar o trono de Inglaterra.**

No 1675 Locke emigra a Francia e só volve a Londres cando o Parlamento proclama a Lei de **Habeas Corpus** en 1679. **Con esta lei garántese a liberdade persoal dos individuos coa finalidade de evitar detencións arbitrarias.**

A morte de Carlos II levou ao trono a Xacobe II que desafiou frontalmente á burguesía e acabou por desencadear "a Revolución Gloriosa". Será Guillerme de Orange quen volverá gobernar xunto á súa esposa, a princesa María, filla de Xacobe. O Parlamento consegue a aceptación por Guillerme da **Declaración de Dereitos (Bill of Rights), que limitaba o poder dos monarcas e garantía o dereito do Parlamento a eleccións libres e a legislar. Ademais, o rei non podía suspender ao Parlamento nin impoñer impostos ou manter un exército sen a aprobación do mesmo. Tamén se aprobou A Lei de Tolerancia, pola cal se garantía a liberdade de cultos.** Foi nese ano de 1689 cando Locke publica as súas dúas obras de filosofía política máis importantes, antes citadas: **Dous tratados sobre o goberno civil,** considerados, como sinalabamos, **un clásico do liberalismo.** A "Revolución Gloriosa" supuxo, pois, o **"espaldarazo" definitivo ao Parlamento e o fin da xustificación divina da monarquía absolutista, formulacións estas que influíron notablemente nas futuras revolucións de Estados Unidos no 1776 e na Revolución Francesa de 1789.** Con ela se lexitimaba unha nova estrutura social baseada nos dereitos individuais, a libre acción económica e o interese privado, **que sentaba as bases do capitalismo en Inglaterra.**



2.- O LIBERALISMO POLÍTICO DE LOCKE

Durante a idade media, o exercicio do poder por parte dos reis concibíase coma un **dereito divino** (outorgado por Deus).

Coincidindo co empirismo, no século XVII, aparece unha concepción segundo a cal O EXERCICIO DO PODER BASÉASE NUN HIPOTÉTICO PACTO OU CONTRATO ENTRE OS CIDADÁNS. Esta concepción, denominada **CONTRACTUALISMO** 🌟🌟, constituirá unha das bases teóricas fundamentais para as democracias modernas.

No século XVII as guerras e conflitos relixiosos entre países católicos e protestantes facían difícil xustificar o exercicio do poder como un dereito divino. **O NACEMENTO DUNHA NOVA CLASE SOCIAL, A BURGUESÍA, COAS SÚAS REIVINDICACIÓNS DE IGUALDADE FIXERON CAMBIAR A VISIÓN INAMOVIBLE E INCONTESTABLE DA AUTORIDADE POLÍTICA**. Neste contexto aparece a **TEORÍA DO CONTRATO SOCIAL** 🌟🌟.

Esta teoría **SERÁ USADA PARA XUSTIFICAR O USO DO PODER TANTO POR PARTE DOS RÉXIMES ABSOLUTISTAS (HOBBS) COMA DOS MODELOS PARLAMENTARIOS (LOCKE)**. 🌟🌟🌟🌟

Hobbes describe así o nacemento do estado político na súa obra “**Leviatán**”:

Os homes vivirían inicialmente nun estado de natureza. Neste estado os homes vivirían en completa liberdade e igualdade, non existiría a lei nin a autoridade. Hobbes pensa que **O HOME É EGOÍSTA POR NATUREZA!!!** 🌟🌟 e que, se non se atopa con limitacións de ningún tipo, se converte inevitablemente **NUN LOBO PARA O HOME** 🌟🌟 e o estado de natureza convértese nun estado de guerra xeneralizada no que non merece a pena vivir. De aí que os homes tenten saír de esta situación, RENUNCIANDO Á SÚA LIBERDADE E A OUTROS DEREITOS PERSOAIS E PACTANDO UNHA FORMA DE VIDA MÁIS REPRESIVA PERO MÁIS SEGURA. A solución buscada é **TRASPASAR O PODER A UN SOBERANO AO QUE SE SOMETERÁN A CAMBIO DE PROTECCIÓN** 🌟🌟. Este pacto constitúe a orixe do Estado (Hobbes chama ao Estado “**Leviatán**”). O EXERCICIO DO PODER POR PARTE DO SOBERANO DEBE SER **ABSOLUTO** 🌟🌟; ningún ser humano nin ningunha institución pode quitarlle parte do seu poder. Se o pobo tentase quitar o poder ao soberano veríase sumido nunha situación de caos e anarquía, por iso, aos súbditos resúltalles moi difícil romper o pacto.

A CONCEPCIÓN PESIMISTA DA NATUREZA HUMANA LEVA A HOBBS A DEFENDER O ESTADO ABSOLUTISTA. **LOCKE TENTARÁ XUSTIFICAR O PODER NUN ESTADO NON ABSOLUTISTA, CUN MODELO POLÍTICO BASEADO NUNHA MONARQUÍA LIMITADA POLO PODER DE UN PARLAMENTO**. 🌟🌟🌟

Locke escribiu a obra “**Dous tratados sobre o Goberno Civil**”. Neles atopamos o esencial da súa filosofía política. No primeiro tratado **critica as xustificacións do absolutismo** dada por autores da época. No segundo tratado sobre o Goberno Civil, Locke EXPÓN A SÚA TEORÍA EN TORNO AO NACEMENTO DO ESTADO E Á XUSTIFICACIÓN DO EXERCICIO DO PODER. Para Locke A LEXITIMACIÓN DO ESTADO TAMÉN É FROITO DUN PACTO ENTRE OS INDIVIDUOS QUE FORMAN A SOCIEDADE. A convivencia dentro da sociedade non se entende se non hai un consentimento por parte dos seus membros.

NO ESTADO DE NATUREZA, LOCKE APÁRTASE DA CONCEPCIÓN DE HOBBS. **OS HOMES, NESTE ESTADO SON IGUAIS E NON ESTÁN SOMETIDOS A NINGÚN TIPO DE AUTORIDADE**. 🌟🌟🌟. Os homes non nacen suxeitos a ningún poder. OS SERES HUMANOS VIVEN NUN ESTADO DE PERFECTA LIBERDADE NATURAL E DE IGUALDADE, sen subordinación nin suxeición algunha e sen verse sometidos á vontade ou autoridade lexislativa de ningún home.

O feito de que se trate dun estado de liberdade non implica que sexa un estado de absoluta licenza (“libertinaxe”), **non consiste en que cada un poida facer o que lle veña en gana, pois O HOME TEN UNHA LEI NATURAL QUE O GOBERNA E QUE OBRIGA A TODO O MUNDO. A LEI NATURAL ENSÍNANOS A TODOS QUE, AO SER IGUAIS E INDEPENDENTES, NINGUÉN PODE PREXUDICAR A OUTRO NA SÚA VIDA, LIBERDADE, SAÚDE OU POSESIÓNS**. 🌟🌟🌟

No estado de natureza **un home ten dereito a xulgar e castigar** a quen non respecta a lei natural, converténdose o transgresor nun perigo para a humanidade.

A súa doutrina dos dereitos naturais foi unha das máis influentes da época. CONSIDERABA QUE A LEI NATURAL ESTÁ INSCRITA “NO CORAZÓN DOS HOMES” E OBRIGA A TODOS ANTES QUE CALQUERA LEI POSITIVA, AÍNDA QUE

EXISTAN HOMES QUE NON QUEIRAN SEGUILA ❁❁. Consiste en certas regras da natureza que gobernan a conduta humana e que poden ser descubertas co uso da razón. Todos os individuos nacen cunha razón coa cal poden discernir entre o ben e o mal, e cuxo primeiro e máis forte desexo é o de PRESERVAR A HUMANIDADE E DE NON DANAR AO OUTRO, POIS A VIDA, A LIBERDADE E OS BENS SON PROPIEDAD DE TODA PERSOA, EN TANTO SON OS SEUS DEREITOS IRRENUNCIABLES. ❁❁❁❁

Agora ben, ter dereito a todo isto, non quere dicir que na realidade todos estes dereitos se respecten, e máis se temos en conta que no estado de natureza non hai ningunha forza que teña o suficiente poder como para obrigar a que se cumpran.

NO ESTADO DE NATUREZA O HOME É PROPIETARIO DO QUE É CAPAZ DE PRODUCIR E CONSUMIR. Pero COA INVENCIÓN DO DIÑEIRO DÁSE A POSIBILIDADE DE ACUMULAR PROPIEDADES E XORDE ASÍ O CONFLITO E OS HOMES ATÓPANSE SUMIDOS PRONTO NUN ESTADO DE GUERRA. ❁❁❁❁❁

O ESTADO DE GUERRA CONVENCE AOS HOMES PARA QUE INGRESEN NUNHA SOCIEDADE CIVIL OU POLÍTICA, onde O GOBERNO ACTUARÁ COMO XUIZ E PROTEXERÁ OS DEREITOS -XA PREEXISTENTES- Á VIDA, A LIBERDADE E A PROPIEDAD. O seu poder provén do “consenso dos gobernados”.

O poder político lexítimo deriva dese “CONTRATO” entre os membros da sociedade, que NON É UN CONTRATO ESTRITAMENTE, PORQUE OS HOMES NON SE SOMETEN AO GOBERNO SENÓN QUE ESTABLECEN CON EL UNHA RELACIÓN DE CONFIANZA (TRUST) COA QUE CEDEN OS DEREITOS. ❁❁❁❁❁

Cando un home entra na sociedade civil e se converte en membro dela, renuncia ao poder executivo que tiña para castigar os delitos contra a lei da natureza. O PODER DO ESTADO NON PASA A SER ABSOLUTO, SENÓN REPRESENTATIVO ❁❁. OS GOBERNANTES DEBEN ESTAR AO SERVIZO DOS INDIVIDUOS (QUE DEPOSITAN NELES A SÚA CONFIANZA) ❁❁❁ QUE RENUNCIAN AO SEU PODER EXECUTIVO PARA QUE O ESTADO DEFENDA OS SEUS DEREITOS. ❁❁

NO CASO DE QUE O GOBERNO NON CUMpra A SÚA FUNCIÓN, O POBO TEN DEREITO Á INSURRECCIÓN, Á ANULACIÓN DO PACTO E Á INSTAURACIÓN DE UN NOVO GOBERNO!! ❁❁❁. A xustificación de Locke do dereito á insurrección cando o goberno se volve tiránico e rompe o contrato é considerada como UN DOS ELEMENTOS DEMOCRÁTICOS DA SÚA TEORÍA POLÍTICA E UNHA IDEA EXPLOSIVA E SUBVERSIVA PARA A ÉPOCA!!! ❁❁. O goberno disólvese cando o lexislativo ou o monarca actúan traizoando a confianza (trust) que se depositou neles, revertendo o poder á comunidade, que establecerá un novo lexislativo e executivo. A disolución do goberno non implica a disolución da sociedade: o perigo da anarquía non pode ser invocado para tolerar o despotismo; NA TEORÍA DE LOCKE A DISOLUCIÓN DA SOCIEDADE POLÍTICA NON IMPLICA A DISOLUCIÓN DA SOCIEDADE (SÓ UNHA VOLTA AO ESTADO DE NATUREZA). Por outra parte o pobo non se rebelará ante calquera discrepancia co goberno. O pobo rebelarase soamente no último extremo.

SE A TEORÍA POLÍTICA DE HOBBS ERA UNHA DEFENSA DO ABSOLUTISMO, A DE LOCKE É UN ATAQUE FRONTAL A ESTE MODELO POLÍTICO E É UNHA DEFENSA DO LIBERALISMO POLÍTICO ❁❁, modelo no que a burguesía tenta defender politicamente os seus dereitos. Este modelo baséase na DIVISIÓN DE PODERES ❁❁.

O PODER NON PODE CONCENTRARSE NUNHAS ÚNICAS MANS senón que teñen que distinguirse:

O PODER LEXISLATIVO: O PARLAMENTO (no que estaría representada a burguesía) que elabora as leis.

O PODER EXECUTIVO: O MONARCA E O GOBERNO que aplica as leis e sanciona o seu incumprimento.

O PODER FEDERATIVO: Establece as alianzas e rupturas (política exterior).



[Relación desta teoría coa historia da Filosofía:

O PENSAMENTO DE LOCKE FOI USADO PARA XUSTIFICAR O PROCESO REVOLUCIONARIO QUE SE DEU NA INGLATERRA DO XVII E QUE DERROCOU O PODER ABSOLUTO DO MONARCA ESTABLECENDO UNHA MONARQUÍA LIMITADA POLO PODER LEXISLATIVO DO PARLAMENTO.

O PENSAMENTO DE LOCKE NON SE PODE IDENTIFICAR SEN MATICES CO PENSAMENTO DEMOCRÁTICO MODERNO🌟🌟. O *Segundo tratado sobre o goberno civil* é a FILOSOFÍA DUN GRUPO PRIVILEXIADO, DE PROPIETARIOS VINCULADOS ENTRE SI CON ESPECÍFICOS INTERESES DE CLASE. **O GOBERNO PARLAMENTARIO É ELIXIDO POLOS RICOS. OS POBRES NON PARTICIPAN DO PODER POLÍTICO, CONVERTENDO AO ESTADO LOCKEANO NUNHA SOCIEDADE DE PROPIETARIOS.**🌟🌟🌟

Locke expresou os intereses da burguesía ascendente, e LIMITA O PODER POLÍTICO ÁS CLASES PROPIETARIAS (voto restrinxido: masculino e censitario). **NON ERA UN DEMÓCRATA NO SENTIDO ACTUAL DO TERMO, POIS PRESUMÍA A EXCLUSIÓN DAS MULLERES E OS POBRES DOS DEREITOS DE CIDADANÍA!!!** 🌟🌟 Os seus principios son moito menos igualitarios que o que parecen a primeira vista.

Locke foi un TEÓRICO DO GOBERNO POR CONSENSO, pero NON DA DEMOCRACIA nunha época na cal non existía ningunha, e ese consenso era o realizado polos sectores que el consideraba que debían dirixir os destinos políticos do seu país. A SÚA CONCEPCIÓN RESTRITIVA SERÁ CRITICADA POR OUTRO GRAN TEÓRICO DO CONTRACTUALISMO: **ROUSSEAU** que tentará desenvolver A VERTENTE IGUALITARIA DOS DEREITOS CIDADÁNS e, conseguintemente, **rexeitará o carácter representativo da democracia inglesa**.

A obra política de John Locke tivo considerable INFLUENCIA NA INTELLECTUALIDADE EUROPEA. **VOLTAIRE** FOI UN ARDENTE PROPAGANDISTA DELA, e as súas ideas foron amplamente diseminadas entre os **ENCICLOPEDISTAS FRANCESES DO SÉCULO XVIII**, especialmente nos artigos da Enciclopedia, “Autoridade política” e “Liberdade natural”.

AS DÚAS DECLARACIÓNS DOS DEREITOS DO HOME, A DE ESTADOS UNIDOS DE 1787 E A DE FRANCIA DE 1789, INSPIRÁRONSE DIRECTAMENTE NO SEGUNDO TRATADO. 🌟🌟 Neste senso é inspirador das formulacións liberais que aínda hoxe en día conforman o espírito da primeira.

A SEPARACIÓN DE PODERES QUE SUXIRE LOCKE CONSTITÚE POSTERIORMENTE O EIXE DA TEORÍA DE **MONTESQUIEU**🌟🌟, e tivo gran repercusión de xeito inmediato e directa no sistema parlamentario inglés e nos gobernos xurdidos da democracia burguesa para limitar ao absolutismo e concentrar o poder lexislativo en mans das súas institucións representativas.

Se analizamos a filosofía de Locke nunha perspectiva máis ampla teremos que sinalar que presenta un **CONTRASTE COAS TEORÍAS ORGANICISTAS E NATURALISTAS ACERCA DA FORMACIÓN DA SOCIEDADE PROPIAS DO PENSAMENTO ANTIGO E MEDIEVAL**, aínda que apreciamos **COINCIDENCIAS CO IUSNATURALISMO DE TOMÉ DE AQUINO** na afirmación dunha natureza humana sobre a que sustentar os dereitos.]



2.1.- TEXTOS LOCKE

J. LOCKE, texto 1 - Ensaio sobre o goberno civil, Cap. 2, § 6 .

Pero, aínda que este sexa un estado de liberdade, non é, porén, un estado licencioso; aínda que o home neste estado teña unha incontrolada liberdade para dispor da súa persoa e propiedades, con todo, non ten liberdade para destruírse a si mesmo, ou menos aínda a calquera criatura que estea no seu poder, excepto no caso en que algunha razón máis nobre que a súa preservación o guíase. O estado de Natureza ten unha lei da Natureza para gobernarse, a cal obriga a todo o mundo, e esta é a razón, a cal ensina a todos os homes, só con que queiran consultala, que, sendo todos iguais e independentes, ninguén debe danar a outro na súa vida, saúde, liberdade ou posesións; xa que, sendo todas as persoas a obra dun Creador omnipotente e infinito; todos serventes dun Señor soberano, enviados ó mundo baixo a súa orde e negocio, eles son a súa propiedade, a súa obra, e foron feitos para durar mentres el o queira, e non mentres a outro lle praza. E sendo creados con tales facultades, compartindo todos a mesma comunidade da natureza, non pode ser suposta ningunha subordinación entre nós que nos autorice a destruírnos uns a outros como se foramos feitos para outros usos, como as criaturas de inferior rango o foron con respecto a nós. Cada un está obrigado a preservarse a si mesmo e a non abandonar o seu posto por libre decisión, pola sinxela razón de que, cando a súa propia preservación non está en xogo, deberá, tanto como poida, preservar o resto da humanidade, e nunca, excepto para facer xustiza a un ofensor, roubar ou prexudicar a vida doutro, ou o que axude á súa preservación, liberdade, saúde, integridade ou bens.

J. LOCKE; *Ensaio sobre o goberno civil*, Cap. II (Sobre o estado de Natureza), § 6 Trad. de M^a Esperanza González Escudero, I.E.S. Mendiño (Redondela)

J. LOCKE, texto 2 - Ensaio sobre o goberno civil, Cap. 7, § 89 e 90 .

Polo tanto, onde queira que calquera número de persoas se xunten nunha sociedade dispostas a abandonar cada un o seu poder executivo da lei da natureza, e a renunciar a el a favor do poder público, alí e só alí haberá unha sociedade política ou civil. E isto dáse onde queira que un número calquera de homes, en estado de natureza, pase a formar unha sociedade co fin de construír unha persoa ou corpo político baixo a soberanía dun goberno supremo, ou tamén cando calquera particular se une e incorpora a un goberno xa feito. Xa que neste caso autoriza á sociedade ou, o que é o mesmo, ó poder legislativo dela a facer leis para el, tal e como o ben público de dita sociedade requira, para a execución das cales é preciso (como para os seus propios decretos) a súa colaboración. E isto pon os homes fóra do estado de natureza e dentro daquela república [commonwealth], establecendo un xuíz na terra con autoridade para a determinación de todas as controversias de dereito que xurdan entre eles, e para reparar as inxurias que puideran ocorrer contra calquera membro da república [commonwealth], o cal será xulgado polo poder legislativo ou polos maxistrados sinalados para tal fin. E onde queira que houbese un número de homes dalgún xeito asociados, que non tivesen tal poder decisivo ó que apelar, entón alí estarán aínda no estado de Natureza.

§ 90. E polo tanto, é evidente que a monarquía absoluta, a cal é considerada por algúns como a única forma de goberno válida no mundo, é de feito incompatible coa sociedade civil e, polo tanto, non pode ser unha forma de goberno civil en absoluto. Dado que o fin da sociedade civil é evitar e remediar aqueles inconvenientes do estado de natureza que se derivan necesariamente do feito de que cada home sexa xuíz do seu propio caso, establecendo unha autoridade coñecida á cal calquera membro desa sociedade poida apelar en caso de ser inxuriado, ou en caso dunha controversia que poida xurdir, e á cal todos os membros de dita sociedade deban obedecer. Onde queira que haxa un grupo de persoas que non teñan tal autoridade á que apelar, e que poida decidir calquera diferenza que entre eles poida alí xurdir, esas persoas estarán aínda no estado de natureza. Nel atópase todo príncipe con respecto a aqueles que estean baixo o seu dominio.

J. LOCKE; *Ensaio sobre o goberno civil*, Cap. VII (Da sociedade política ou civil), § 89 e 90 Trad. de M^a Esperanza González Escudero, I.E.S. Mendiño (Redondela)



DAVID HUME



Contexto biográfico-histórico:

Para a biografía e obras podes consultar:

http://www.webdianoia.com/gl/moderna/hume/hume_bio.htm

Para unha visión xeral, aconsello:

Vídeos en Youtube (sobre todo de “La aventura del pensamiento”).

HUME

CONTEXTUALIZACIÓN DO AUTOR E DO TEXTO (+ CONTEXTO HISTÓRICO).-

DAVID HUME, **AUTOR EMPIRISTA ESCOCÉS**, PERTENCENTE Á FILOSOFÍA MODERNA, NACIDO EN EDIMBURGO, NO SEU DUNHA FAMILIA ACOMODADA NO SÉCULO XVIII [(1.711-1.776)]. **O EMPIRISMO CONTEMPORÁNEO RECOÑECEO COMO A SÚA FONTE E PRECURSOR MÁIS CUALIFICADO**. REALMENTE, CON EL, A FILOSOFÍA EMPIRISTA INGLESA CHEGA ÁS SÚAS CONCLUSIÓNS MÁIS RADICAIS: **NEGACIÓN DA METAFÍSICA E ESCEPTICISMO**.

PERO HUME É TAMÉN UN **PENSADOR ILUSTRADO**, ESTÁ EN CONTACTO COS FILÓSOFOS ILUSTRADOS FRANCESES NOS CALES EXERCE UNHA IMPORTANTE INFLUENCIA. COMO A TERÁ TAMÉN EN **KANT**, E EN TODO ESTE MOVEMENTO CULTURAL DA ILUSTRACIÓN QUE SUPORÁ O TRIUNFO E A AFIRMACIÓN DUNHA CONFIANZA ABSOLUTA NA RAZÓN HUMANA E A **REACCIÓN CONTRA O BARROCO, A ORTODOXIA E A CONTRARREFORMA**.

As súas OBRAS máis importantes foron:

Tratado sobre a natureza humana

Investigación sobre o coñecemento humano

Ensaio morais e políticos

[Concretando algo máis podemos dicir que, aínda que de familia acomodada (como xa temos dito), non o era o suficiente como para permitirle que se puidera dedicar exclusivamente á filosofía, polo que o seu pai orientouno cara a carreira de **avogado**. Abandonou o seu traballo de avogado e viaxou a Francia disposto a dedicarse exclusivamente á filosofía. Deses anos data a composición da súa primeira obra, "Tratado sobre a natureza humana". Regresa a Londres, dirixíndose posteriormente a Escocia, onde vivirá uns anos coa súa nai e o seu irmán. Publicará os dous primeiros volumes do "Tratado", ao que seguirá o terceiro. O pouco éxito acadado pola obra significou un duro golpe para Hume. [que chega a dicir na súa autobiografía "xamais intento literario algún foi máis desgraciado que o meu Tratado da natureza humana"]. Non obstante, o éxito obtido posteriormente polos "Ensaio", fíxolle esquecer por completo o seu fracaso anterior. Optou á **cátedra de ética da Universidade de**

Edimburgo, praza que non obtivo probabelmente pola súa reputación de **escéptico e ateo**. Regresa a Escocia. instalouse en Edimburgo onde foi nomeado bibliotecario da facultade de Dereito.

Recibiu a invitación do conde de Hertford de acompañalo a París como **secretario de embaixada**, participando nas actividades dos enciclopedistas e dos círculos ilustrados e iniciando amizade con algúns dos personaxes destacados da época, como Rousseau.

Á súa volta a Londres foi nomeado "**subsecretario de estado para o departamento setentrional**". Regresará a Edimburgo, continuando as súas actividades de estudo e investigación. Alí morrerá no último terzo do século XVIII.]

O seu **contexto histórico** é unha continuidade do de **Locke** e desemboca na Ilustración que se trata amplamente no tema de **Kant**. Vexamos uns breves trazos deste contexto:

A **época ilustrada**, s. XVIII, presenta as características dunha **época conflictiva**, que terminará coas revolucións que sacudirán Europa. A Ilustración significa o **fin do Antigo Réxime** que pretendera prolongarse co Despotismo Ilustrado de monarcas absolutos cuxo lema era: "Todo para o pobo, pero sen o pobo"!!!.

Estas **revolucións** xa tiñan comezado na **Inglaterra** do XVII. Nas Illas Británicas existía un forte enfrontamento político que orixinou dúas revolucións, concluíndo cun pacto entre a burguesía e a nobreza :

– A **revolución inglesa [de 1640-1660]** que enfrontou aos partidarios do rei absolutista e aos do Parlamento.

– A **revolución gloriosa [de 1688]**. Instaurou no trono a Guillerme de Orange establecendo unha monarquía parlamentaria e o recoñecemento de certos dereitos aos cidadáns.

Despois faranse máis radicais coa **independencia americana** de [1776] e a **revolución francesa** de 1789.

Así, a **Ilustración prepara as revolucións que levarán ao poder durante o século XIX á burguesía**. Esta, formada dende finais da Baixa Idade Media e cada vez máis poderosa debido ao comercio, tanto de ultramar como continental, e á industria, aínda incipiente, **formará a idea do Pobo e de Cidadán baseadas na teoría da igualdade dos dereitos políticos fronte ao privilexio aristocrático**. Na Inglaterra do s. XVIII a burguesía xa tiña adquirido o poder político. A burguesía Inglesa, ao contrario da Francesa, non quería saber nada da revolución. Predominan as **consideracións prácticas en tódolos ámbitos, incluído o científico, e así se consolida un espírito egoísta, utilitario, xuízoso, que se inclina por deixar as cousas como están e cualifica como soño todo intento de penetrar a esencia das cousas**.

Este foi o ambiente no que naceu a filosofía de Hume quen deu expresión filosófica a un período que necesitaba da ciencia positiva, pero quería desprenderse das axitacións revolucionarias limitando o pensamento aos feitos concretos, rexeitando as xeneralizacións metafísicas, e aceptando aínda que só fose por fe e costume aquelas ideas que serviran á ciencia positiva (ciencia matemático-mecanicista), á práctica diaria (os negocios) e á estabilidade do réxime (a relixión como freo das masas e útil para a moral pública). O **escepticismo de Hume** como barreira ás consecuencias subversivas do materialismo, correspóndese coa moderación política e o conservadorismo expresado no estado de ánimo da burguesía no poder.



3.- HUME: CRÍTICA DAS IDEAS DE SUSTANCIA E CAUSALIDADE.

O empirismo é unha corrente filosófica que se desenvolve nas illas británicas nos séculos XVII e XVIII. Ten como antecedentes a **Guillermo de Ocham** (s. XIV) e a **Francis Bacon** (s. XVI-XVII). Iníciase coa filosofía de **John Locke** (1632-1704) que será seguida por pensadores posteriores coma **Berkeley** (1685-1753) e **David Hume** (1711-1776). **HUME SERÁ O PENSADOR QUE LEVE AS IDEAS EMPIRISTAS ATA AS SÚAS ÚLTIMAS CONSECUCIAS.** 🌟

O INTERESE PRINCIPAL DE HUME É O DE INVESTIGAR SE É POSIBLE FUNDAMENTAR O COÑECEMENTO HUMANO. 🌟. Considera que antes de iniciar calquera investigación é necesario investigar a CAPACIDADE MENTAL DO HOME para obter coñecementos con garantías.

Para Hume **TODOS OS NOSOS CONTIDOS MENTAIS SON PERCEPCIÓNS E, POR TANTO NACEN DA EXPERIENCIA. NON EXISTEN IDEAS NIN REPRESENTACIÓNS MENTAIS QUE SEXAN PREVIAS Á EXPERIENCIA (NON HAI IDEAS INNATAS)!!!** 🌟🌟🌟. O INNATISMO DOS RACIONALISTAS É, PARA HUME, FALSO 🌟🌟.

Os **tipos de percepcións** poden ser clasificados en:

↳ Segundo o seu **GRAO DE INTENSIDADE** clasifícanse en:

- **IMPRESIÓNS:** Son as sensacións inmediatas da experiencia. O frío que estou sentindo agora é unha impresión. Calquera imaxe, paixón ou emoción inmediata que sinto é unha impresión.

- **IDEAS:** Son copias difusas das impresións. Son produtos da imaxinación e da memoria e non teñen o grao de intensidade das impresións orixinais. Son copias. A lembranza do frío que pasei onte é unha idea.

↳ Segundo a súa **ORIXE** as percepcións clasifícanse en:

- **DE SENSACIÓNS:** As que proveñen dos sentidos. A cor verde da mesa na que estou agora.

- **DE REFLEXIÓN:** As que proveñen de estados mentais. A sensación de aburrimiento que experimento na clase de filosofía.

↳ Segundo a súa **COMPOSICIÓN** as percepcións clasifícanse en:

- **SIMPLES:** Non se poden dividir noutras menores. O sabor da laranxa.

- **COMPLEXAS:** Poden dividirse noutras máis simples: A percepción dunha laranxa (cor + sabor + forma...).

TODAS AS IDEAS SIMPLES PROVEÑEN DAS SÚAS CORRESPONDENTES IMPRESIÓNS SIMPLES. AS IDEAS COMPLEXAS PODEN PROCEDER DAS IMPRESIÓNS COMPLEXAS (Ex: A idea da laranxa que lembramos provén da impresión que tivemos da mazá), **OU PODEN SER PRODUCIDAS POR UNHA COMBINACIÓN FANTASIOSA REALIZADA POLA IMAXINACIÓN SOBRE A BASE DAS IMPRESIÓNS** (Ex: A idea de unicornio).

A IMAXINACIÓN CREA IDEAS COMPLEXAS SEGUINDO CERTAS LEIS OU REGULARIDADES. Estas tendencias son as que Hume denominou LEIS DE ASOCIACIÓN DE IDEAS e son tres:

- **Semellanza** 🌟. Tendemos a asociar ideas entre as que hai certo grado de similitude. Asociamos todos os cans que coñecemos para construír a idea de “can”.

- **Contigüidade no espazo e no tempo** 🌟. Tendemos a percibir asociadas as ideas simples que se dan simultaneamente no espazo e o tempo. A forma e a cor da laranxa acostuman a darse xuntas e simultaneamente, isto permítenos construír a idea composta de laranxa.

- **Relación causa-efecto** 🌟. Esperamos que uns feitos sigan a outros na mesma orde e tal e como sucedeu no pasado. A choiva acostuma a seguir ás nubes e non ao revés.

HUME CONSIDERA QUE EXISTEN DOUS TIPOS DE VERDADES.

AS VERDADES DE RAZÓN 🌟 son aqueles xuízos cuxa **VERDADE É INDUBIDABLE, UNIVERSAL E NECESARIA**, porque da análise do suxeito obtense o predicado (tal sería o xuízo: “todos os corpos son extensos”. A noción de extensión está incluída na definición de corpo e, por tanto o enunciado é certo necesariamente). **As ciencias que se ocupan de tales relacións, -LÓXICA, XEOMETRÍA, ÁLXEBRA E ARITMÉTICA- SON ABSOLUTAMENTE CERTAS.** Non se dan nelas a menor dúbida.

AS VERDADES DE FEITO 🌟 son aqueles xuízos cuxa verdade ten que ser comprobada experimentalmente (por exemplo o xuízo: “o sistema planetario solar está composto por nove planetas”). Xa que logo, calquera verdade de feito que queira adquirir lexitimidade **debe esperar o veredicto da experiencia**. Nas verdades de feito non se dá ningún tipo de conexión necesaria. **Isto afectaría a todas as ciencias empíricas (CIENCIAS NATURAIS E CIENCIAS HUMANAS)**.

A filosofía de Hume realiza unha **CRÍTICA SOBRE O MODO QUE TIÑA A TRADICIÓN FILOSÓFICA ANTERIOR DE CONCIBIR AS VERDADES DE FEITO 🌟**. A EXCESIVA CONFIANZA de que a razón permitise descubrir as conexións necesarias que se daban na natureza.

A **relación causa-efecto** é un tipo de relación que atribuímos a todo o que acontece. Entender o que sucede no mundo é entender as súas causas. Pero **QUE ENTENDEMOS POR RELACIÓN CAUSAL? 🌟**

A **TRADICIÓN** acostumaba a considerar que entre causa e efecto se daba algún tipo de conexión necesaria, coma se dous fenómenos se atopasen inevitablemente unidos; a aparición dun (causa) levaría inevitablemente á aparición do outro (efecto).

PERO PARA HUME O CRITERIO DE VALIDEZ DE TODA CRENZA É A POSIBILIDADE DE REMITIR ESA CRENZA ÁS IMPRESIÓNS QUE A ORIXINARON, DE MOSTRAR DE QUE IMPRESIÓNS É COPIA. 🌟🌟

Na conexión de causa- efecto atopamos a impresión dun feito A (causa) que vai seguida da impresión doutro feito B (efecto). O único que observamos é que un feito vai seguido de outro, pero **NON TEMOS NINGUNHA IMPRESIÓN QUE SE CORRESPONDA Á IDEA DE CONEXIÓN NECESARIA. A IDEA DE CONEXIÓN NECESARIA É FROITO DA IMAXINACIÓN 🌟**. Ao observar repetidas veces que un fenómeno vai seguido de outro (lume > calor) **TENDEMOS A CONSIDERAR, LEVADOS POLO COSTUME A ASOCIALOS E SUPOÑER QUE SEMPRE SUCEDERÁ ASÍ, COMA SE ESA CONEXIÓN FOSE NECESARIA 🌟🌟**. Isto constitúe unha **crenza moi útil para vivir** (porque sen ela o mundo pareceríanos caótico e imprevisible), pero **NUNCA UN COÑECEMENTO GARANTIDO, UNIVERSAL E NECESARIO. 🌟**

PARA HUME OS ENUNCIADOS DAS CIENCIAS NATURAIS NON PODEN IDENTIFICARSE CON LEIS UNIVERSAIS, VÁLIDAS EN CALQUERA MOMENTO E EN CALQUERA CIRCUNSTANCIA. A COMPROBACIÓN REPETIDA DE QUE AS LEIS CIENTÍFICAS SE CUMPREN PROPORCIONANOS CONFIANZA NELAS, PERO NON NOS DÁ DEREITO A PENSAR QUE SON NECESARIAS, SENÓN UNICAMENTE PROBABLES. 🌟*

HUME CRITICA, Á PARTE DA IDEA DE CAUSA, OUTRA DAS IDEAS CENTRAIS DA METAFÍSICA CLÁSICA: A IDEA DE SUBSTANCIA 🌟🌟. Para Descartes existían tres tipos de substancias: Substancia extensa, substancia pensante e substancia infinita (Deus). **Hume criticará as tres.**

- CRÍTICA DA IDEA DE SUBSTANCIA EXTENSA:

As substancias, para **Aristóteles**, tiñan existencia real (Ex: a especie “rosa” era concibida coma unha substancia realmente existente). **PARA HUME AS SUBSTANCIAS SON UN FROITO DA NOSA IMAXINACIÓN 🌟*** que agrupa baixo un mesmo nome (“rosa”) distintas impresións puntuais (olor, figura, cor...). **SON FROITO DUN PROCESO PSICOLÓXICO!!! 🌟**. Son **CRENZAS INVENTADAS POR NÓS** e que nos resultan EXTREMADAMENTE ÚTILES PARA VIVIR. O mesmo sucedería con ideas de substancia máis xenéricas como a de materia ou “substancia extensa” defendida por **Descartes** (aquilo que é o soporte das calidades de todo corpo). **SEGUNDO HUME NON ATOPAMOS NINGUNHA IMPRESIÓN QUE TEÑA A CONTINUIDADE QUE LLE ATRIBUÍMOS Á IDEA DE SUBSTANCIA 🌟🌟**.

-CRÍTICA DA IDEA DE SUBSTANCIA INFINITA (DEUS). Dado que **NON TEMOS NINGUNHA IMPRESIÓN DE NADA INFINITO 🌟***, senón que todas as nosas impresións o son de algo puntual e concreto, **A IDEA DE DEUS QUEDA SEN NINGUNHA IMPRESIÓN QUE A XUSTIFIQUE E RESULTA SER SÓ UNHA INVENCIÓN E UNHA CRENZA!!! 🌟🌟🌟**

- CRÍTICA DA IDEA DE SUBSTANCIA PENSANTE (EU). O Eu sería o suxeito que ten percepcións, pero que é diferente destas. Por detrás de todas as impresións cambiantes que experimentamos supoñemos que o eu permanece estable e idéntico coma se fose o núcleo da nosa personalidade. Pero **HUME DI QUE O EU NON É MÁIS QUE UNHA CRENZA ÚTIL, FROITO DA IMAXINACIÓN, QUE TENTA DAR CONTINUIDADE A ALGO QUE NON A TEN. 🌟🌟**

HUME, ATACANDO A IDEA DE CAUSALIDADE E A DE SUBSTANCIA, REALIZA ASÍ UNHA CRÍTICA DESTRUTIVA A TODA IDEA METAFÍSICA. 🌟🌟🌟

A postura filosófica de Hume acostuma a denominarse **“FENOMENALISMO”** 🌟. Fenomenalismo (De “fenómeno”, o que aparece ou se mostra) **É A TEORÍA FILOSÓFICA SEGUNDO A CAL NON É POSIBLE O COÑECEMENTO DE ALGO DISTINTO ÁS NOSAS PROPIAS PERCEPCIÓNS** 🌟 e non temos ningún recurso para saber se a realidade se corresponde con elas. Neste sentido atribúese a Hume unha postura **ESCÉPTICA: É IMPOSIBLE COÑECER COMO É A VERDADEIRA REALIDADE!!!** 🌟

Cando percibimos, o que verdadeiramente percibimos non é algo exterior á nosa mente senón as nosas propias sensacións.

Se percibo a mesa na que estou escribindo, a mesa mesma non é unha parte da miña percepción xa que a percepción é algo mental, é algo que se dá na miña mente e a mesa é un obxecto físico, un obxecto exterior á propia mente. Cando digo que vexo unha mesa, en realidade o que teño na miña mente é un **conxunto de sensacións visuais variadas** (sensacións de cor, de formas, de intensidades luminosas, de tamaños e de movementos), **PERO NON TEÑO EN ABSOLUTO A MESA MESMA!!!** 🌟🌟🌟🌟

Como reconece o propio Hume, **TODAS AS PERSOAS CONSIDERAN QUE EXISTEN OBXECTOS EXTERIORES Á PROPIA MENTE**, que son a causa das nosas percepcións e en maior ou menor medida con formas ou aspectos semellantes ás que se ofrecen na propia vivencia. **CON TODO É IMPOSIBLE O COÑECEMENTO DA REALIDADE TAL E COMO POIDA SER EN SI MESMA, DA REALIDADE INDEPENDENTEMENTE DO NOSO MODO DE COÑECELA!!!** 🌟🌟

Hume sinala **dous trazos peculiares da experiencia e que están na base da nosa crenza na existencia dun mundo exterior, A CONSTANCIA E A COHERENCIA DAS NOSAS PERCEPCIÓNS** 🌟. Hai unha coherencia nas impresións que recibo que me leva a atribuír realidade a aquilo que sinto. Deste xeito a constancia perceptiva e a coherencia na sucesión das percepcións **CREA NA MIÑA MENTE UNHA PREDISPOSICIÓN OU HÁBITO** 🌟🌟 que me leva a crer na existencia dunha realidade distinta á das miñas propias percepcións. En definitiva, dirá HUME, **ESTA CRENZA NON É CONSECUENCIA DA RAZÓN NIN DA EXPERIENCIA MESMA, SENÓN DO MERO COSTUME!!!** 🌟🌟 É unha cuestión de **SENTIDO COMÚN, ALGO ÚTIL PARA A VIDA**, pero **que non se pode fundamentar.** Hume cre que **O FENOMENALISMO É A ÚNICA POSTURA FILOSÓFICA RAZOABLE, AÍNDA QUE CONTRARIA ÁS CRENZAS NATURAIS OU DE SENTIDO COMÚN.** 🌟🌟🌟🌟



[Relación coa historia da filosofía

O empirismo radical de Hume e o escepticismo ao que o conduciu foron duramente criticados e rexeitados. De todos modos tivo os seus efectos positivos, porque **axudou a ter unha posición máis crítica e coherente con respecto ás supostas capacidades e posibilidades do coñecemento.** Fronte ao racionalismo, o empirismo de Hume **ENSÍANOS A SER HUMILDES EN CANTO ÁS POSIBILIDADES E CARÁCTER DO NOSO COÑECEMENTO** 🌟. A noción de verdade absoluta queda substituída por unha noción de **VERDADE PROBABILÍSTICA** e as pretensións, tamén racionalistas, de acadar a totalidade do coñecemento véñse seriamente limitadas coa crítica da metafísica realizada por Hume. Como sabemos **HUME DESTRÚE OS TRES PIARES BÁSICOS DA METAFÍSICA CARTESIANA (AS TRES SUBSTANCIAS), I. KANT, FORMADO NA TRADICIÓN RACIONALISTA, VAI AFIRMAR QUE HUME CONSEGUIU ESPERTALO DO SEU SOÑO DOGMÁTICO** 🌟. É dicir, do ilusorio mundo da verdade absoluta ao que foran parar os herdeiros do racionalismo. **SERÁ KANT, PRECISAMENTE, QUEN LOGRARÁ REALIZAR UNHA EXTRAORDINARIA SÍNTESE DE RACIONALISMO E EMPIRISMO.** 🌟🌟🌟

Máis alá de Kant, a **CRÍTICA DA METAFÍSICA QUE LEVOU A CABO HUME CONSTITUÍU O SUBSTRATO TANTO DO POSITIVISMO DO SÉCULO XIX COMO DAS ACTITUDES NEOPOSITIVISTAS DO SÉCULO XX.** Positivismo e neopositivismo rexeitarán as formulacións metafísicas e defenderán que o noso coñecemento parte da experiencia e a observación, é dicir, dos datos positivos ou contrastables.]



3.1.- TEXTOS HUME

D. HUME, texto 1 - Investigación sobre o coñecemento humano, Sección IV, Parte 1ª

Todos os razoamentos referentes a materias de feito parecen estar fundados na relación de *causa e efecto*. Por medio desa única relación podemos ir máis aló da evidencia da nosa memoria e dos nosos sentidos. Se se lle preguntara a un home por que cre calquera cuestión de feito que non ten presente –por exemplo que o seu amigo está no campo ou en Francia– daría unha razón; e esta sería algún outro feito, como unha carta recibida ou o coñecemento dos seus propósitos e promesas anteriores. Un home que encontrase un reloxo ou calquera outra máquina nunha illa deserta, concluiría que unha vez houbo homes nesa illa. Todos os nosos razoamentos concernentes a feitos son da mesma natureza. E neles suponse constantemente que hai unha conexión entre o feito presente e ese que se infire del. Se non houber nada que os ligase, a inferencia sería completamente precaria. Oír unha voz articulada e un discurso racional na escuridade garántenos a presenza dalgunha persoa: Por que? Porque estes son efectos de produción e fabricación humanas, estreitamente conectados con elas. Se analizamos todos os demais razoamentos desta natureza, atoparemos que están baseados na relación de causa e efecto, e que esta relación pode ser próxima ou remota, directa ou colateral. A calor e a luz son efectos colaterais do lume, e un efecto pode inferirse correctamente do outro.

Polo tanto, se quixeramos satisfacernos no referente á natureza da evidencia que nos garante as cuestións de feito, deberíamos preguntarnos como chegar ó coñecemento da causa e do efecto. Aventurareime a afirmar, como proposición xeral que non admite excepcións, que o coñecemento desta relación non se acada en ningún caso por razoamentos *a priori*, senón que procede da experiencia, na que achamos que uns obxectos particulares calquera están continuamente unidos entre si.

D. HUME; *Investigación sobre o coñecemento humano*, Sección IV (Dúvidas escépticas acerca das operacións do entendemento), Parte I Trad. de L. M. Varela Cabo (USC)

D. HUME, texto 2 - Tratado da natureza humana, Libro I, Parte I, Sección VI

Preguntaría gustosamente ós filósofos que derivaron tantos dos seus razoamentos da distinción entre substancia e accidente e imaxinaron que temos ideas claras acerca delas, se a idea de substancia debe ser derivada das impresións de sensación ou de reflexión. Se nos é proporcionada polos nosos sentidos, pregunto por cal deles e de que maneira. Se é percibida pola vista, debe ser unha cor; se polo oído, un son; se polo gusto, un sabor; e así para os outros sentidos. Pero non creo que alguén afirme que a substancia é unha cor, un son ou un sabor. A idea de substancia, se é que existe, debe logo derivarse das impresións de reflexión. Pero as impresións de reflexión divídense nas nosas paixóns e emocións, ningunha das cales é posible que represente unha substancia. Polo tanto, non temos ningunha idea de substancia distinta dunha colección de cualidades particulares, nin nos referimos a outra cousa cando falamos ou razoamos sobre ela.

A idea de substancia, así como a de modo, non é senón unha colección de ideas simples reunidas pola imaxinación e que teñen un nome particular asignado, polo cal somos capaces de recuperar, para nós mesmos ou para outros, ese conxunto. Pero a diferenza entre estas ideas consiste nisto: que as cualidades particulares que forman a substancia se refiren normalmente a un algo descoñecido, ó cal son supostamente inherentes; ou aceptando que esta ficción non se produza, polo menos suponse que están conectadas de xeito próximo e indisoluble polas relacións de contigüidade e causalidade. O efecto disto é que calquera nova propiedade simple que atopemos que teña a mesma conexión co resto, inmediatamente a metemos entre elas, aínda que non estea na primeira concepción da substancia. Así, a nosa primeira idea do ouro pode ser que é de cor amarela, o peso, a maleabilidade e a fusibilidade, pero cando descubrimos a súa solubilidade en *aqua regia*, unímola ás outras cualidades e supoñemos que pertence ó concepto de substancia como se a súa idea formase parte dela dende o principio. O principio de unión, sendo considerado como a parte principal da idea complexa, dá entrada a calquera cualidade que se manifeste posteriormente, e é igualmente comprendido por ela como as outras que se manifestaron en primeiro lugar.

D. HUME; *Tratado da natureza humana*, Libro I, Do entendemento, Parte I (Das ideas: a súa orixe, composición e abstracción), Sección VI (Dos modos e da substancia) Trad. de L. M. Varela Cabo (USC)

